

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de outubro de 2007**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na SESIÓN PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 26 de outubro de 2007, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/07, do 28 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 15.201 á nº 17.650.

Economía, Facenda e Especial de Contas

3.-Expediente de modificación de créditos e recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/07 de aprobación polo Pleno e modificación da Base 48 das de execución do orzamento do exercicio 2007.

4.-Modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán para o exercicio 2008.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

5.- Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos 2007.

6.-Toma de coñecemento dos informes emitidos o 25 de xuño de 2007 e o 3 de outubro de 2007 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control interno dos proxectos de gasto incluídos no programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

7.-Aprobación do Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2007 cofinanciado con fondos Feder, Insero, Fundación Once e Deputación.

8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ordenación do espazo público na paraxe de San Antonio de Centiña” do Concello de Coristanco, incluída no POS 2005 código 05.2100.0118.0.

9.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Rehabilitación Casa Agramar” do Concello de Oleiros incluída no POS 2006 código 06.2100.0220.0

10.-Aprobación da modificación dos proxectos das obras “Accesos en Liñares (Costa) e A Peroxa (Sieira)” do Concello de Rois, incluída no POL 2006 código 06.2300.0234.0

11.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento colector xeral a Tarrío” do Concello de Dodro, incluída no POS 2007 código 07.2100.0143.0

12.-Aprobación da modificación dos proxectos das obras “Camiños Cima Renzos (Pezobre) e outro código 07.2100.0349.0 e “Camiño en Sarabellos (Bemil) e outro” do Concello de Santiso, incluída no POS 2007.

13.-Aprobación da modificación dos proxectos das obras “Accesos en Barazón e outros” código 07.3100.0239.0 e “Camiño Trebodelo-Estrada Arzúa” código 07.3100.0241.0, do Concello de Santiso, incluídas no Plan de cooperación provincial 2007.

14.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Camiño Cerdeira-Carril” do Concello de Cerceda, incluída no P.C.P. 20007 código 07.3100.0076.0

Plans Especias, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

15.-Aprobación das bases reguladoras da segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007.

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

16.-Aprobación provisional do PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 3ª FASE, integrado polo proxecto da travesía de Pastoriza a Maceira na E.P. 0502 remodelación e supresión de barreiras (Arteixo), por ser o que se axusta ao disposto no texto refundido das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que han de incluírse nas distintas fases do Plan de Travesías Provinciais 2004/2007.

17.-Aprobación dos proxectos incluídos no Plan de Vías Provinciais 2007, 6ª Fase.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

18.-Aprobación do convenio administrativo entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), e a Excm. Deputación Provincial da Coruña, o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume.

19.-Acordo sobre iniciación do proceso de constitución do Consorcio de Turismo de Arousa-Norte.

[20.-Proxecto reformado da obra de rehabilitación e musealización da Casa Reitoral de Golmar, no T.M. da Laracha dentro do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.](#)

[21.-Aprobación dun convenio administrativo entre a Excma. Deputación da Coruña e a Fundación Comarcal de Betanzos.](#)

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[22.-Convenio de colaboración coa entidade ASPADEX \(Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual\) coa finalidade de cofinanciar a adquisición dun vehículo.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIÓNS](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

| | |
|-------------------------------------|------|
| DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS | PSOE |
| DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO | PP |
| DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |
| DON JESÚS VEIGA SABÍN | PP |
| DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ | PSOE |
| DON PABLO VILLAMAR DÍAZ | BNG |

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 12/07, DO 28 DE SETEMBRO.

INTERVENCÍONS

Sr. Secretario

Na acta que se lles repartiu figura un erro fundamental, que é que presidiu o vicepresidente D. Pablo Villamar Díaz e o presidente estivo ausente, isto xa o detectamos, o que pasa que na que se repartiu está equivocado, de xeito que se hai acordo, isto, naturalmente, vaise corrixir.

ACORDO

Apróbase acta da sesión anterior, nº 12/07, do 28 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCÍONS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 15.201 Á Nº 17.650.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 15.201 á nº 17.650.

3.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 2/07 DE APROBACIÓN POLO PLENO E MODIFICACIÓN DA BASE 48 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2007.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días a todas e a todos. Imos someter a consideración desta sesión plenaria o Expediente de modificación de créditos número 2/2007, de aprobación polo Pleno da institución.

É evidente, e quero empezar a miña intervención, que nos demos conta, e así o fixemos tamén na Comisión Informativa, que é un expediente que vén cun pouco de demora, e vén cun pouco de demora motivado por dúas circunstancias que non se nos poden escapar, sobre todo unha delas, que son a consulta electoral do 27 de maio, onde se celebran as eleccións municipais, a correspondente á elección de deputados provinciais e a constitución desta institución provincial. E en segundo lugar tiñamos o equipo de goberno un problema referente ao POL, ao programa operativo local, e era que había unhas economías posiblemente que satisfacer ao Ministerio de Administracións Públicas, que ao final non foi así, de aí a demora, xa que este expediente o quixemos traer no mes de setembro pero, por prudencia, non o fixemos.

Dicir que o total deste é algo máis de cinco millóns, concretamente 5.297.476,67 euros, e proveñen as economías, o seu financiamento, na súa maior parte, de remanentes de Tesourería para gastos xerais. Unha pequena parte, concretamente, 69.000 euros, proveñen de baixas por anulación, quere dicir que practicamente o 99% vaise financiar co remanente de Tesourería para gastos xerais.

E onde van estas necesidades, estas novas necesidades de financiamento?, Pois van a créditos extraordinarios, algo máis de 435.000 euros, e a suplementos de crédito 4.862.000 euros.

Ao tempo quero destacar que hai unha pequena modificación da base 48, de execución do Orzamento provincial, que se recoñecen obrigas como recoñecemento extraxudicial de créditos, concretamente unha partida de algo máis de 215.000 euros nunha vía provincial no Concello de Trazo, e terminar nesta introdución á primeira intervención, que cumprimos estritamente a Lei de estabilidade orzamentaria.

O procedemento a seguir, e segundo marca o Texto refundido da lei de facendas locais, unha vez que se incoa o expediente por parte da Presidencia, unha vez que se somete a estudo por parte dos servizos técnicos e políticos, faise a súa aprobación inicial por parte da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, hoxe aprobarase neste Pleno, se así o estima a maioría dos representantes, expoñerase ao público no Boletín Oficial da Provincia por un período de quince días hábiles, por se houbese alegacións, reclamacións a el. Se non houbese

ningunha reclamación, ningunha alegación, publicaríase e estaría aprobado xa por capítulos, como queda o orzamento inicial cos distintos expedientes de modificación de crédito que, como sabemos moi ben, efectúanse ao longo do exercicio, e entón o expediente estaría en vigor. Se non ocorrese isto, se houberse algunha modificación, habería que tratar de analizala, de discutila, de informala polos servizos técnico-económicos, e unha vez ditaminada de novo pola Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, volvería de novo a esta cámara provincial.

Cales son as principais economías que aparecen neste Expediente de modificación de créditos? Dicirilles que o 94% deste expediente de gasto vai dirixido a transferencias correntes de capital e investimentos propios. Isto quere dicir que de cada cen euros, 94 están dirixidos a investimentos, ben nos concellos, ou noutras institucións, a investimentos propios e para facer gasto a novos programas como veremos ao longo da exposición. Teño que destacar tamén unha pequena partida que incrementa o capítulo II, os gastos correntes e de servizos, concretamente para anuncios institucionais e para a mudanza de contrato de telefonía móbil.

Igualmente, e dada a comarcalización do parque de bombeiros de Santiago, onde este equipo de goberno e os anteriores estiveron traballando para a súa comarcalización, poderíamos dicir que neste momento está en período de marcha, pero necesita, por suposto, as achegas económicas necesarias, neste caso 660.000 euros para o parque de bombeiros de Santiago e da súa comarca, da súa área, digamos, metropolitana.

Outro aspecto importante en investimentos propios é o incremento de millón e medio de euros no Plan de vías provinciais para distintas obras que se detallaron na Comisión de Economía e Facenda no pasado luns, e que non vou detallar aquí, o que si quero destacar é que queda unha previsión pendente de 200.000 euros por algo que poida acontecer de aquí ao final do exercicio.

Ao tempo, e como saben as Sras. e Sres. Deputados, asinouse no momento oportuno un convenio coa Universidade da Coruña, coa finalidade de establecer unhas pequenas depuradoras e a súa explotación de distintas gamas, como un plan piloto en distintos concellos. Estase levando a efecto e é necesario, aínda que vai cun pouco de demora, motivado polos informes dalgún organismo, concretamente o máis atrasado é o de Augas de Galicia, é necesario suplementar cunha cantidade de 828.000 euros longos, 828.161,61. Unha vez comprobados os resultados veremos se os nosos rúes, eses pequenos núcleos de poboación que en Galicia significan o 45% do Estado español, podemos levar a efecto ou cales son as conclusións que os técnicos da Universidade e os técnicos da Deputación consideran que son os máis axeitados para trasladar os nosos puntos, neste caso, da provincia.

E xa, por último, destacar a segunda fase dos campos de fútbol de herba artificial, cunha partida de 1.350.000 euros. Entendemos, e haberá que analizar prudentemente as peticións dos distintos concellos da provincia, que esta segunda fase virá a dotar de novos campos de fútbol de herba artificial a aqueles concellos que carecen del, e que están dando bo resultado naqueles onde xa se están utilizando, e que están dando bo resultado. Polo tanto, con toda probabilidade, en próximos exercicios haberá que valorar de acordo coas peticións, a posible ampliación desta partida con outra fase.

E xa vou terminar, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, as conclusións deste expediente é que mira para os concellos, que mira para as institucións e que se inviste en estradas provinciais; dáse traslado de transferencias correntes para o pagamento do gasto corrente aos parques de bombeiros, que se efectúa un convenio coas pequenas depuradoras e quero destacar que, de cada 100 euros, 94 van destinados a economías, que son transferencias correntes, transferencias de capital e un pequeno incremento do gasto corrente. Entendemos que é un expediente favorable para a provincia, para mellorar os servizos aos cidadáns e a asistencia aos concellos, polo cal pido o voto favorable para el ao Grupo Popular, xa que o equipo de goberno, evidentemente, xa deu o seu visto e praxe na propia Comisión Informativa. Moitas grazas.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, bos días, Sras. e Sres. Deputados, Sr. Presidente. O Grupo Provincial Popular vai dar a súa aprobación a este punto número 3, e toma a palabra para a explicación deste voto o deputado, José Luis García Gorostizu.

Sr. García Gorostizu

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados. A noso voceiro xa dixo o noso voto favorable á proposta que, como o voceiro do Grupo Socialista e presidente da Comisión onde se ditaminou, coñeceu a nosa intervención e a reserva de voto a este Pleno, e comezou con algo moi importante para nós que é a propia sensibilidade da preocupación que lle trasladamos na propia Comisión de que, como consecuencia, tanto do período de administración ordinaria, como a prudencia no POL, nos atopásemos co que sempre o Grupo Popular estará de acordo, que ese remanente de Tesourería para gastos xerais vaia, evidentemente, a estes investimentos e transferencias correntes. Pero o medo que podíamos ter, que por esas circunstancias estes acordos puidesen non chegar a ter un compromiso a 31 de decembro e tamén o que lle transmitimos ao Sr. Lagares que, dadas as circunstancias de natureza extraordinaria, por celebrarse unhas eleccións e o período de administración ordinaria, neste período de tempo acelerásemos ao máximo a eficacia para poder comprometer neste exercicio orzamentario.

Pero si hai un aspecto que ten tamén importancia e sobre o cal queremos significalo, para falar con normalidade diso. Dixémoslle en Comisión que, non existindo motivos xurídicos que permitisen, sendo o substancial a modificación do propio orzamento con estes suplementos de crédito e con estes créditos extraordinarios no que estamos de acordo, que podíamos ter falado tanto da modificación da Base 48 como do recoñecemento extraxudicial en puntos distintos da orde do día, que non o integrasen no seu conxunto. Que dicir sobre eses aspectos á hora de valoración e de reflexión?, pois que sabemos que estamos nun deles diante dunha situación extraordinaria, en que o político é facer fronte ao imprevisible e que, polo tanto, o noso grupo valorou que o índice de frecuencias con que se producen estes recoñecementos atópanse dentro do excepcional e, polo tanto, non vai impedir, nin impide, que poidamos votar favorablemente ao estrutural, que é a aprobación do Orzamento para ter eses créditos.

E con relación á Base 48 xa sabemos o que sabemos que, evidentemente, son propostas contidas nas que estamos de acordo e que, puntualmente, estando de acordo a reflexión, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, é que os partidos teremos que poñernos de acordo, que sabendo que todo poder político tende a dilatarse, cada vez é máis as subvencións nominativas e que teremos que dicir ata onde podemos chegar para os niveis nos que debemos manter estas subvencións nominativas que, falo de memoria, non sei se estamos xa nos 15 millóns.

Polo tanto, resumo, Sr. Presidente, dixémoslle ao presidente e voceiro socialista que reflexionariamos sobre o expediente no seu conxunto, estamos de acordo e o desexable que a setembro en exercicios ordinarios se poidan producir estas modificacións para que o remanente de Tesourería permita ter máis tempo para comprometer o gasto, e recoñecendo a excepcionalidade do expediente de recoñecemento, recoñecendo que hai un compromiso pola nosa parte de ata onde chegamos en nominativas, no fondo de todo o conxunto de investimentos e de transferencias estamos de acordo coa significación última de que xa lle adiantamos, Sr. Presidente, Sr. Lagares, que si cremos que no tempo que existe, unha vez que neste desenvolvemento da orde do día se aproben as bases para esta segunda fase de campos de herba sintética, que se a demanda é a que o noso grupo cre, vai resultar insuficiente e o compromiso de poder ter no orzamento de 2008 unha partida que permita complementar e dotar a todos os municipios que así o demanden destas instalacións e equipamentos sería necesario. Isto é a xustificación do voto positivo á proposta. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gorostizu. Sr. Lagares, eu creo que a única intervención que cabe é dicirlle grazas polo voto afirmativo, xa llo dou eu, así que, brevemente, Sr. Lagares.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, efectivamente, agradecer o voto favorable do Grupo Provincial do Partido Popular e unirnos a esta última petición, que xa fixen fincapé na miña intervención, os campos de herba artificial, que se estudará a posibilidade de ampliar os créditos en próximos exercicios, no orzamento ou noutros expedientes que poidan xurdir. Fundamentalmente falaba da Base 48, recoñecemento extraxudicial, eu creo que é un debate que xa estivo nesta cámara e que non merece incidir no mesmo. Agradecer de novo, reiterar o agradecemento polo seu voto, e moitas grazas.

Sr. Presidente

Esta cesión da palabra foi simplemente por cortesía, porque creo que co agradecemento do presidente chegaba xa.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Recoñecer as obrigas de pagamento por importe total de 215.066,77 euros a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan, consonte co que establece o artigo 26 do Real decreto 500/90, do 20 de abril:

A favor de MANTENIMIENTO Y CONSTRUCCIONES ALCUBA S.A., que corresponde á Fra. Nº U-026-06 do 21.03.06 por importe de 215.066,77 euros, relativa á liquidación da obra núm. 03.2400.0507.0 de ampliación da calzada e seguridade viaria da E.P. 8201 no Concello de Teo. Todo isto sen prexuízo de tramitar o expediente administrativo ao que fai referencia a resolución de Presidencia núm. 13.084 do 05.07.07.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/07 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral, por un importe de 5.297.476,67€ e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

| | |
|-----------------------------------|--------------|
| CE. Créditos extraordinarios..... | 435.248,29 |
| SC. Suplementos de crédito..... | 4.862.228,38 |

Total de aumentos:..... 5.297.476,67

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

BA. Baixas por anulación.....69.000,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais..... 5.228.476,67

Total de baixas:.....5.297.476,67

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

| Capítulo | Altas | Baixas |
|-----------------------------|---------------------|------------------|
| 1. G de persoal | | |
| 2. G. correntes | 322.517,84 | |
| 3. G. financeiros | | |
| 4. Transf. correntes | 709.000,00 | |
| 6. Invest. reais | 2.603.228,38 | |
| 7. Transf. capital | 1.662.730,45 | 69.000,00 |
| 8. Ac. financeiros | | |
| 9. Pas. financeiros | | |
| TOTAL MODIF. | 5.297.476,67 | 69.000,00 |

| Capítulo | Altas |
|--|---------------------|
| 1. Impostos directos | |
| 2. Impostos indirectos | |
| 3. Taxas e outros ingresos | |
| 4. Transf. correntes | |
| 5 Ingreos patrimoniais | |
| 6. Alleamento invest. reais | |
| 7. Transf. capital | |
| 8. Ac. Finan. Reman. tesourería | 5.228.476,67 |
| 9. Pas. financeiros | |
| TOTAL MODIF. | 5.228.476,67 |

3º.- Modificación da Base 48ª de execución do orzamento provincial.

3º-1.- Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do orzamento provincial do exercicio 2007 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

| APLIC. PRESUP. | BENEFICIARIO | OBXECTO E FINALIDADE | IMPORTE |
|-------------------------|---------------------|-------------------------------------|----------------|
| 0601/451H/462.01 ,00 | Concello de Muxía | Encontro informático Costa da Morte | 20.000 |
| 0701/313M/789.01 ,48 | Aspadex | Adquisición vehículo minusválidos | 45.471 |

65.471,48

Total

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerábase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

4.-MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXERÁN PARA O EXERCICIO 2008.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, imos debater neste punto as ordenanzas fiscais do exercicio 2008 que constitúen un aspecto, digamos de autonomía orzamentaria co que conta a Deputación Provincial da Coruña.

Todos sabemos que a dependencia orzamentaria é a característica, como veremos no momento oportuno no debate dos orzamentos, nesta entidade, concretamente digamos que a importancia das economías que xeran estas ordenanzas fiscais, a través das taxas, dos prezos públicos, ou do imposto de actividades económicas, representan unha repercusión, aproximadamente, ou o repercusión fíxose no orzamento inicial, dun 6%, polo que digo que, aínda que cuantitativamente non ten importancia, si a ten cualitativamente. Concretamente no ano 2007 as taxas e prezos públicos significaron algo máis no orzamento inicial, ou significaban, algo máis de 6 millóns, o 3,41% e o imposto de actividades económicas, en torno a 4.300.000 euros, o 2,4%, o que significa na súa totalidade, digo, ou significaba, veremos logo na propia liquidación do orzamento, na conta xeral, se efectivamente se lograron estes obxectivos.

A nivel formal o expediente consta da memoria da Presidencia, do informe do Servizo de Recursos Propios, do interventor, do texto que se propón como modificación de tarifas, do informe técnico de acordo co artigo 25 do Texto refundido da lei de facendas locais, onde se fai a análise do custo do servizo e dos seus ingresos, e do ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, que foi por unanimidade a este.

Cales son as modificacións principais?, as modificacións propostas a nivel económico é tendo en conta o IPC interanual 2006-2007 do mes de abril, e que significou o 2,4%. Este 2,4% aplícase ás ordenanzas fiscais nº 3, 4, 11, 13 e 14, pero

hai ordenanzas que sofren unhas pequenas modificacións e parareime nunha que creo que é importante para os concellos da provincia e para outras administracións. Concretamente a Ordenanza Fiscal Xeral sofre modificacións de adaptacións, sabemos que a Ordenanza Fiscal Xeral non é económica, senón que é o reflexo da filosofía global de todas as ordenanzas que seguen a continuación, e coa entrada en vigor da nova aplicación informática na área Tributaria, houbo que adaptala a esta e así se producen cambios na estrutura de funcionamento dos propios servizos tributarios.

Quero destacar a Ordenanza fiscal nº 2, que é a reguladora de taxas e prezos públicos do Boletín Oficial da Provincia, e sofre unha modificación nos seus artigos 5 e 7, que non vou dar lectura. Consiste fundamentalmente na exención de taxas ás administracións por publicar no Boletín Oficial da Provincia, é dicir, o Concello de Abegondo, que é o primeiro por orde alfabético da provincia, solicita que se publique un anuncio determinado, de forma ordinaria, e estará exento de todo tipo de taxa, pero se se quere facer pola vía de urxencia gravarase nun 20%. Cremos que esta é unha forma máis de asistir aos concellos, é unha forma máis de colaborar, como se vén facendo a partir do Servizo de Asistencia a Municipios, a partir dos servizos de Recadación, de Xestión e Inspección Tributaria, é unha forma máis de que os concellos estean amparados por esta deputación, estean amparados, neste caso, economicamente.

Tamén se refire a algunha modificación, á Ordenanza fiscal nº 3, fundamentalmente polas novas taxas que se aplican de acordo coa entrada en vigor, fundamentalmente o máis importante, o dos puntos de información catastral en todas as áreas de Xestión Tributaria, e que está tendo unha importante demanda por parte dos cidadáns da provincia, así como a modificación da adaptación dos dereitos de exame ao Estatuto básico do emprego público, que como saben todos foi aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril deste ano no que estamos.

Mantense a Ordenanza fiscal número 5, que é a ordenanza que se refire ao Servizo Provincial de Recadación, é dicir, o 5% en voluntaria, e o 75% con relación aos gastos de constrinximento, amén do imposto de actividades económicas, que a recarga si vai ser o 25%, como se viña facendo desde hai uns exercicios económicos.

É idea deste equipo de goberno manter o equilibrio como marca o Texto refundido da lei de facendas locais entre ingresos e custos de servizo, pero isto sabemos que moitas veces non se dá, hai que ter en conta as circunstancias sociais, benéficas, culturais, en centros como poden ser o Conservatorio, en centros de servizos sociais e fogares infantís, como o Fogar Infantil Emilio Romay, o Fogar Infantil de Ferrol, ou o propio Colexio Calvo Sotelo. O que si se tratará é de chegar a ese equilibrio que cremos que é importante, e que cremos que é un desexo do cumprimento da lei, pero que sempre a excepción, como é lóxico, confirma a regra.

Nada máis, simplemente o exposto, solicito de novo, e xa así se fixo en Comisión, o voto favorable do Grupo Provincial do Partido Popular.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente, o Grupo Provincial Popular vai dar o seu voto favorable a este punto e matiza brevemente este voto favorable o Sr. García Gorostizu.

Sr. García Gorostizu

Grazas, Sr. Presidente. Xa en Comisión, polo propio contido que xa nos expuxo sinteticamente o voceiro socialista, o Grupo Popular entende primeiro, o incremento é un incremento razoable de IPC distinto ao do exercicio anterior, e si hai algún aspecto, Sr. Presidente, que si nos gustaría resaltar neste momento. Fixo o voceiro socialista mención á nova aplicación orzamentaria, que é importante, entendemos que é moi importante, porque responde a un traballo que a nivel funcionarios se fixo, e que se os niveis de eficacia e os distintos servizos aos que lle afecta esta nova aplicación orzamentaria, e que a nova ordenanza, a modificación da ordenanza fiscal, vai trasladar tamén ao terreo normativo o que existía no terreo organizativo, nós entendemos que con esta nova aplicación, con estes novos contidos que pode ter a ordenanza, hai algún reto, algún reto que eu creo que tiñamos que dicilo aquí para impulsar a acción do goberno, é a nosa obriga, estamos satisfeitos dos niveis de eficacia do Servizo, e cremos que hai algúns aspectos, dixo e falou o Sr. Lagares, dos Puntos de Información Catastral, tema catastral, pois eu, Sr. Lagares, si lle queremos dicir desde o noso grupo que é importante acelerar materias relacionadas coa Dirección Xeral do Catastro, para que poidamos tamén ter dentro da nosa propia recadación o que vostede sabe perfectamente que hoxe non é, que son as alteracións xurídicas catastrais. Sería moi importante, eu creo que para os municipios, e pola eficacia que ten a nosa propia recadación, que se vai ver reforzada con isto. Entón, nese aspecto, Sr. Lagares, de acordo, e hai outro aspecto tamén, Sr. Presidente, que aínda que poida resultar extemporáneo, si gustárame dicilo aquí en nome do meu grupo.

Falamos da importante decisión que se toma de dotar de gratuidade ás publicacións ordinarias no Boletín Oficial da Provincia, a min fáltame autoridade, porque non teño a experiencia de vostedes para falar representando a esta administración provincial, pero si creo que a lei que serve de cobertura á modificación que fixemos como consecuencia das exencións, é un bo exemplo de como as competencias propias da deputación na prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal teñen nesta lexislación de 2002, que nos atribúe a competencia propia, un bo exemplo en momentos de incerteza cando non se sabe moi ben, ou non se ten claro o papel que pode ter a deputación. Este Boletín Oficial da Provincia e a modificación que fixemos na súa gratuidade, responde á única lexislación estatal, que atribúe unha competencia propia á provincia nun servizo público de carácter supramunicipal, e o noso grupo entende que é un bo camiño a percorrer e nese sentido é o que nos pode permitir o que exista esa lei, que teñamos a competencia propia. Son as matizacións, repito, hai prudencia nos incrementos e hai tamén retos que sabemos o

gobierno da deputación, co apoio neste caso de impulso en materia de catastro, sería importante conseguilo a curto prazo. Grazas, Sr. Presidente.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar as modificacións da *Ordenanza Fiscal Xeral* (modificación e redacción íntegra), *Ordenanza fiscal nº 2* reguladora da taxa polo servizo de publicacións, subscripción e venda do Boletín Oficial da Provincia (artigos 5 e 7), *Ordenanza Fiscal nº 3* reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame (artigo 6), *Ordenanza fiscal nº 4* reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (artigo 6), *Ordenanza fiscal nº 11* reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais (artigo 5), *Ordenanza nº 13* reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva (artigo 4.2) e *Ordenanza nº 14* reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán (artigo 4.2).

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobadas definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da Ordenanza fiscal xeral das ordenanzas fiscais números 2,3,4 e 11 e as ordenanzas reguladoras dos prezos públicos nº 13 e 14.

4º.- As ordenanzas comezarán a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra elas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo:

- A Ordenanza Fiscal Xeral e as Ordenanzas fiscais núms. 2,3,4 e 11 e as Ordenanzas reguladoras do prezos públicos núms. 13 e 14 a partir do 1 de xaneiro de 2008.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das Ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. “

5.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os escritos recibidos dos Concellos de Fene e Santiso nos que se comunica que existen dificultades para a adxudicación das obras nº 151 “Dotación de servizos e pavimentación do núcleo de Fene” do Concello de Fene e nº 347 “Abastecemento de auga a Chaín” do Concello de Santiso, que máis adiante se indican, incluídas todas elas no POS 2007 que se aprobou por acordo plenario do 22 de febreiro de 2007 e 24 de maio de 2007, cofinanciado polo MAP, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello.

Tendo en conta que no RD 835/2003 se prevé a posibilidade de que a subvención do MAP alcance até o 40% ou 50% do presuposto de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.

Tendo en conta que hai outra obra do Concello de Ortigueira, a nº 264 “Aparcamento Magdalena”, á que se podería aplicar a subvención do MAP inicialmente prevista para as obras nº 151 “Dotación de servizos e pavimentación do núcleo de Fene” do Concello de Fene e nº 347 “Abastecemento de auga a Chaín” do Concello de Santiso, realizando unicamente axustes de distribución interna do financiamento, sen que iso afecte en absoluto aos seus importes totais.

1.- Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2007, aprobado por acordo plenario do 22 de febreiro de 2007 e 24 de maio de 2007,

cofinanciado entre o MAP, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello, no senso de que nas obras nº 151 “Dotación de servizos e pavimentación do núcleo de Fene” e nº 347 “Abastecemento de auga a Chaín”, se elimine a subvención do MAP e se incremente a achega da Deputación fondos propios, e que á inversa, na obra nº 264 “Aparcamiento Magdalena” do Concello de Ortigueira, se incremente a subvención do MAP e se diminúa na mesma medida a achega da Deputación fondos propios sen que iso afecte aos importes totais destas 3 obras nin do Plan no seu conxunto.

| | | | |
|--|-----------------------|--------------------------|-------------|
| Concello: Fene | | Código: 07.2100.0151.0 | |
| Denominación: Dot. servizos pav. núcleo Fene | | | |
| | Financiamento inicial | Financiamento modificado | Diferenza |
| MAP | 36.519,71 | 0,00 | -36.519,71 |
| Deputación préstamo | 102.255,18 | 102.255,18 | 0,00 |
| Deputación fondos propios | 104.689,83 | 141.209,54 | 36.519,71 |
| Concello | 82.416,97 | 82.416,97 | 0,00 |
| TOTAL | 325.881,69 | 325.881,69 | 0,00 |

| | | | |
|--|-----------------------|--------------------------|-------------|
| Concello: Santiso | | Código: 07.2100.0347.0 | |
| Denominación: Abastecemento auga a Chaín | | | |
| | Financiamento inicial | Financiamento modificado | Diferenza |
| MAP | 10.909,79 | 0,00 | -10.909,79 |
| Deputación préstamo | 30.547,40 | 30.547,40 | 0,00 |
| Deputación fondos propios | 31.274,72 | 42.184,51 | 10.909,79 |
| Concello | 3.827,99 | 3.827,99 | 0,00 |
| TOTAL | 76.559,90 | 76.559,90 | 0,00 |

| | | | |
|--------------------------------------|-----------------------|--------------------------|-------------|
| Concello: Ortigueira | | Código: 07.2100.0264.0 | |
| Denominación: Aparcamiento Magdalena | | | |
| | Financiamento inicial | Financiamento modificado | Diferenza |
| MAP | 45.111,67 | 92.541,17 | 47.429,50 |
| Deputación préstamo | 126.312,67 | 126.312,67 | 0,00 |
| Deputación fondos propios | 129.320,12 | 81.890,62 | -47.429,50 |
| Concello | 149.153,98 | 149.153,98 | 0,00 |
| TOTAL | 449.898,44 | 449.898,44 | 0,00 |

2.-Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.-Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e

funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobada a modificación do plan.”

6.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES EMITIDOS O 25 DE XUÑO DE 2007 E O 3 DE OUTUBRO DE 2007 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O “PLAN DE CONTROL INTERNO DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002-2006”, SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNS DISPOSTAS NO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO CE 438/2001 DA COMISIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes emitidos o 25 de xuño de 2007 e 3 de outubro de 2007 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

1.- Tomar coñecemento do contido dos citados informes emitidos o 25 de xuño de 2007 e 3 de outubro de 2007, que afectan aos seguintes grupos de obras:

O informe emitido o 25 de xuño de 2007 refírese aos pagamentos realizados desde o 15 de novembro de 2006 até o 31 de marzo de 2007 e o emitido o 3 de outubro de 2007 refírese aos pagamentos realizados desde o 1 de abril de 2007 até o 30 de xuño de 2007.

Ambos informes indican que se fixeron as verificacións precisas segundo as listaxes de comprobación facilitadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, que inclúen en todo caso as seguintes comprobacións:

- 1.- Que os gastos son elixibles e fixéronse dentro do período de elixibilidade.
- 2.- Que están relacionados efectiva e directamente co proxecto aprobado.
- 3.- Que as condicións do P.O.L. respectáronse da maneira axeitada.
- 4.- Que os produtos o servizos cofinanciados subministráronse.

- 5.- Que as normas relativas ás axudas estatais, á protección do medio natural e á igualdade de oportunidades respectáronse.
- 6.- Que a normativa nacional e comunitaria en materia de mercados públicos (contratación) respectáronse.

No informe emitido o 3 de outubro de 2007 faise constar que nas obras nº 148 e 225 omitiuse a mención no valo publicitario de que estaban cofinanciadas con fondos europeos.

Non obstante, débese ter en conta que, de acordo co Regulamento CE 1159/2000 da Comisión do 30 de maio de 2000, só se esixe obrigatoriamente a instalación de valos nos proxectos cun presuposto superior a 3 millóns de euros, e que nos de presuposto inferior a dita cifra, que son todos os desta Deputación, a súa colocación é voluntaria.

2.- Adoptar a seguinte medida de mellora relativa á única incidencia formal detectada:

- Facer un seguimento de control de que se coloquen valos publicitarios en todas as obras do Programa, aínda cando, dado os seus presupostos, a súa colocación é voluntaria, de acordo co Regulamento CE 1159/2000 da Comisión.

3.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Administracións Públicas para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2007 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER, IMSERSO, FUNDACIÓN ONCE E DEPUTACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a resolución de Presidencia nº 7.450 do 9 de maio de 2007 pola que se aprobaba solicitar a adhesión á anualidade 2007 do “Convenio marco de colaboración suscrito o 13 de marzo de 2007, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do IMSERSO e a Fundación ONCE para a cooperación e integración social de persoas con discapacidade, para desenvolver un Programa de Accesibilidade Universal”, para o financiamento de dúas actuacións en edificios provinciais.

Visto o escrito recibido do IMSERSO por medio do cal comunica que a Comisión de Seguimento do citado convenio marco aprobou a proposta desta entidade que ten por obxecto a realización dunha actuación de accesibilidade, con indicación do plan financeiro fixado pola Comisión.

1º -Aprobar o Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2007 cofinanciado con fondos FEDER, IMSERSO, ONCE e Deputación, no que se inclúen as obras que a continuación se indican con detalle do seu financiamento:

| PLAN DE ELIMINACIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS 2007 | | | | | | | |
|--|----------------|-----------------------------------|-------------------|------------------|------------------|-----------------|------------------|
| | | | | 70% | 12% | 7% | 11% |
| CONCELLO | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | PRESUPOSTO | FEDER | IMSERSO | ONCE | DEPUTACIÓN |
| A CORUÑA | 07.2930.0001.0 | ASCENSOR COLEXIO CALVO SOTELO | 59.011,42 | 41.307,99 | 7.081,37 | 4.130,80 | 6.491,26 |
| FERROL | 07.2930.0002.0 | ASCENSOR FOGAR INFANTIL DE FERROL | 67.675,19 | 47.372,62 | 8.121,02 | 4.737,26 | 7.444,29 |
| T O T A L | | | 126.686,61 | 88.680,61 | 15.202,39 | 8.868,06 | 13.935,55 |

A aprobación deste expediente queda condicionada a que se xere crédito na partida orzamentaria correspondente polas achegas dos axentes cofinanciadores e a que se consigne o importe correspondente á achega provincial.

2º.- A contratación e execución das obras faraa a deputación de acordo co establecido no convenio de colaboración, co seu manual de procedemento e co convenio de colaboración singular que se vai a asinar con esta deputación.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.

6º.- Facultar ao presidente da deputación para asinar o convenio de colaboración singular e para a realización de cantas actuacións sexan precisas para a execución deste acordo.”

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ORDENACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA PARAXE DE SAN ANTONIO DE CENTIÑA” DO CONCELLO DE CORISTANCO, INCLUÍDA NO POS 2005 CÓDIGO 05.2100.0118.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **Ordenación do espazo público na paraxe de San Antonio de Centiña** do Concello de Coristanco, incluída no P.O.S. 2005 co

código: 05.2100.0118.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, polo que permanecen invariables as achegas da Deputación e do Estado.”

| 05.2100.0118.0 Ordenación do espazo público na paraxe de San Antonio de Centiña (Concello de Coristanco) | | | |
|---|-------------------------|---------------------------|------------------|
| | Proxecto inicial | Proxecto reformado | Diferenza |
| Deputación f.p. | 22.145,44 | 22.145,44 | 0 |
| Deputación préstamo | 17.756,25 | 17.756,25 | 0 |
| Estado | 7.308,07 | 7.308,07 | 0 |
| Concello | 7.054,90 | 19.364,64 | 12.309,74 |
| TOTAL | 54.264,66 | 66.574,40 | 12.309,74 |

9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REHABILITACIÓN DA CASA AGRAMAR” DO CONCELLO DE OLEIROS INCLUÍDA NO POS 2006 CÓDIGO 06.2100.0220.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **Rehabilitación da Casa Agramar** do Concello de Oleiros, incluída no P.O.S. 2006 co código: 06.2100.0220.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, polo que permanecen invariables as achegas da Deputación e do Estado”

| 06.2100. 0220.0 Rehabilitación da Casa Agramar (Concello de Oleiros) | | | |
|---|-------------------------|---------------------------|------------------|
| | Proxecto inicial | Proxecto reformado | Diferenza |
| Deputación f.p. | 45.832,99 | 45.832,99 | 0 |
| Deputación préstamo | 46.965,23 | 46.965,23 | 0 |
| Estado | 16.451,10 | 16.451,10 | 0 |
| Concello | 6.082,39 | 29.053,51 | 22.971,12 |
| TOTAL | 115.331,71 | 138.302,83 | 22.971,12 |

10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS “ACCESOS EN LIÑARES (COSTA) E A PEROXA (SIEIRA)” DO CONCELLO DE ROIS, INCLUÍDA NO POL 2006 CÓDIGO 06.2300.0234.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento en Liñares (Costa) e Peroxa (Sieira)” do Concello de Rois, incluída no P.O.L. 2006. Código: 06.2300.0234.0, cuxos datos deseguido se indican, que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade ou obxecto das obras, pero si modifica o seu trazado.”

| | Concello | Denominación | Presuposto |
|----------------|-----------------|-----------------------|-------------------|
| 06.2300.0234.0 | Rois | Saneamento en Liñares | 283.707,78 |

| | | |
|--|---------------------------|--|
| | (Costa) e Peroxa (Sieira) | |
|--|---------------------------|--|

11.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO COLECTOR XERAL A TARRÍO” DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDA NO POS 2007 CÓDIGO 07.2100.0143.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento colector xeral a Tarrío” do Concello da Dodro, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2007 (Código:07.2100.0143.0) cun orzamento de contrata de 38.659,74 €, que aínda que non representa unha variación no seu presuposto total, si representa unha alteración parcial do seu obxecto, xa que varía o trazado das obras previstas no proxecto inicial .”

| <u>Código</u> | <u>Concello</u> | <u>Denominación</u> | <u>Deputación F. Propios</u> | <u>Deputación Préstamo</u> | <u>Estado</u> | <u>Concello.</u> | <u>Presuposto Total</u> |
|----------------|-----------------|------------------------------------|------------------------------|----------------------------|---------------|------------------|-------------------------|
| 07.2100.0143.0 | Dodro | Saneamento colector xeral a Tarrío | 15.792,50 | 15.425,24 | 5.509,01 | 1.932,99 | 38.659,74 |

12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS “CAMIÑOS CIMA RENZOS (PEZOBRE) E OUTRO CÓDIGO 07.2100.0349.0 E “CAMIÑO EN SARABELLOS (BEMIL) E OUTRO” DO CONCELLO DE SANTISO, INCLUÍDA NO POS 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación dos proxecto das obras “Camiño cima Renzos (Pezobre) e outro” (código: 07.2100.0349.0) e “Camiño en Sarabellos (Belmil) e outro” (código: 07.2100.0350.0) do Concello de Santiso, incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2007, que aínda que non representan unha variación nos seus presupostos totais, si representan unha alteración parcial do seu obxecto, xa que varían os trazados dos camiños recollidos nos proxectos iniciais .”

| <u>Código</u> | <u>Concello</u> | <u>Denominación</u> | <u>Deputación F. Propios</u> | <u>Deputación Préstamo</u> | <u>Estado</u> | <u>Concello.</u> | <u>Presuposto Total</u> |
|----------------|-----------------|---------------------------------------|------------------------------|----------------------------|---------------|------------------|-------------------------|
| 07.2100.0349.0 | Santiso | Camiño cima Renzos (Pezobre) e outro | 15.305,40 | 14.949,46 | 5.339,09 | 1.873,37 | 37.467,32 |
| 07.2100.0350.0 | Santiso | Camiño en Sarabellos (Belmil) e outro | 13.035,14 | 12.731,99 | 4.547,14 | 1.595,49 | 31.909,76 |

13.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS “ACCESOS EN BARAZÓN E OUTROS” CÓDIGO 07.3100.0239.0 E “CAMIÑO TREBODELO-ESTRADA ARZÚA” CÓDIGO 07.3100.0241.0, DO CONCELLO

DE SANTISO, INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobación da modificación dos proxectos das obras “Accesos en Baranzón e outros” (código: 07.3100.0239.0) e “Camiño Trebodelo-estrada Arzúa” (código: 07.3100.0241.0) do Concello de Santiso, incluídas no Plan de cooperación provincial 2007, que aínda que non representan unha variación nos seus presupostos totais, si representan unha alteración parcial do seu obxecto, xa que varían os trazados dos camiños recollidos nos proxectos iniciais .”

| <u>Código</u> | <u>Concello</u> | <u>Denominación</u> | <u>Deputación F. Propios</u> | <u>Presuposto Total</u> |
|----------------|-----------------|--------------------------------|------------------------------|-------------------------|
| 07.3100.0239.0 | Santiso | Accesos en Baranzón e outros | 31.379,64 | 31.379,64 |
| 07.3100.0241.0 | Santiso | Camiño Trebodelo-estrada Arzúa | 34.867,32 | 34.867,32 |

14.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “CAMIÑO CERDEIRA-CARRIL” DO CONCELLO DE CERCEDA, INCLUÍDA NO P.C.P. 2007 CÓDIGO 07.3100.0076.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto modificado da obra "Camiño Cerdeira-Carril” (código: 07.3100.0076.0) do Concello de Cerceda, incluída no Plan de cooperación Provincial 2007 cun presuposto de contrata de 39.470,60 € que non representa variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade das obras pero si implica cambios no trazado dos accesos ou camiños incluídos nel.”

| <u>Código</u> | <u>Denominación</u> | <u>Deputación f.p.</u> | <u>TOTAL</u> |
|----------------|------------------------|------------------------|--------------|
| 07.3100.0076.0 | Camiño Cerdeira-Carril | 39.470,60 | 39.470,60 |

15.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA SEGUNDA FASE DO PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras da segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, cuxo texto figura no anexo que se xunta

2º) Condicionar a aprobación definitiva das bases á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 2/2007 no que se consigna a dotación necesaria para o financiamento deste plan para a anualidade 2007 polo importe de 2.050.000,00 euros.

3ª) Remitirle este acordo á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado”

| |
|---|
| <p style="text-align: center;">BASES REGULADORAS DA SEGUNDA FASE DO PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2007</p> |
|---|

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

A segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 vaise financiar cunha achega provincial por importe de 2.050.000,00 € que se vai consignar no expediente de modificación de créditos 2/2007 na aplicación 0501/452H/76201 do orzamento provincial para a anualidade 2007, e máis polas achegas municipais dos concellos que é preciso realizar para completar o financiamento dos investimentos.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade do plan é cooperar cos concellos da provincia na realización dos investimentos necesarios para mellorar os campos de fútbol municipais co fin de darlles as mellores condicións de utilización posibles aos campos de xogo.

O obxecto concreto do plan é transformar os actuais campos de fútbol municipais cuxo terro de xogo sexa de terra, herba natural ou herba artificial de primeira xeración, en campos de fútbol de herba artificial, que é a máis demandada polos concellos pola calidade, as súas posibilidades de uso intensivo e pola economía do seu mantemento.

Os campos de fútbol municipais para os que se solicite financiamento para a súa conversión en campos de fútbol de herba artificial deben reunir os seguintes requisitos:

- ♦ Deben ser campos de fútbol de titularidade municipal.

- ♦ Debe ter as dimensións regulamentarias, como mínimo entre liñas 90 x 45 metros.
- ♦ Deben estar consolidados, no sentido de que actualmente se realicen encontros deportivos, escolas municipais de fútbol, adestramentos etc.
- ♦ Deben ser campos de fútbol nos que nos últimos cinco anos a deputación non financiara obras de dotación de calquera tipo de terreo de xogo, coa finalidade de amortizar axeitadamente no tempo o investimento provincial realizado.
- ♦ Deben contar cos servizos de acceso rodado, enerxía eléctrica, abastecemento de auga, e recollida de augas residuais.
- ♦ Deben contar no peche exterior con valado de altura axeitada, para evitar a deterioración das instalacións, sen prexuízo de que a varanda perimetral regulamentaria arredor do terreo de xogo se inclúa no proxecto que se solicite para executar dentro deste plan.

As actuacións concretas presentadas polo concello deberanse incluír nun único proxecto técnico para a dotación de herba artificial e son as seguintes:

- substitución do terreo de xogo actual polo de herba artificial.
- varanda perimetral regulamentaria arredor do terreo de xogo.
- sistema de rego e recollida de augas pluviais.
- porterías regulamentarias coas súas ancoraxes.

O financiamento destinarase exclusivamente á execución da obra definida no proxecto técnico correspondente e cuantificada como "orçamento base de licitación", nos termos nos que é definida esta magnitude no artigo 131 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro. Para estes efectos, a porcentaxe a que se refire a letra a) do apartado 1 do citado artigo será do 13%.

Os proxectos técnicos conterán a documentación á que se refire o artigo 124 da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, no que se incluía a declaración de que é obra completa.

O orzamento máximo dos proxectos que han solicitar os concellos para a súa inclusión no plan é de 400.000,00 euros, dos que a deputación achegará un 85% e o concello o 15% restante. Non obstante, poderá presentarse un proxecto cun presuposto superior, sempre que o importe que exceda de 400.000,00 € o financie integramente o concello.

No caso de que o concello desexa realizar outras actuacións no mesmo campo de fútbol, ademais das sinaladas, estas deberán ser obxecto dun

proyecto técnico independente que aprobará o concello pola súa conta e que serán financiadas ao seu cargo exclusivamente, sen prexuízo de que a contratación de ambos proxectos sexa realizada de forma acumulada coa finalidade de que os execute o mesmo contratista. En todo caso, o presuposto de adxudicación de cada un dos proxectos deberá quedar especificado e perfectamente identificado no expediente de contratación.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son aqueles concellos da provincia da Coruña que non foron incluídos na primeira fase deste plan e os que non subscribiron convenios de colaboración singulares durante os anos 2006 e 2007 para este mesmo obxecto e finalidade.

4.- FINANCIAMENTO

Para o financiamento desta segunda fase do plan para o exercicio 2007, a deputación destina unha achega provincial por importe de 2.050.000,00 euros. Non obstante, esta cifra poderá ser incrementada á vista das solicitudes presentadas, e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias desta deputación.

Os proxectos técnicos das obras terán un orzamento máximo de 400.000,00 euros, coa excepción sinalada no penúltimo parágrafo da base 2, e serán cofinanciados entre a deputación e o correspondente concello do seguinte xeito: a achega da deputación concretarase no 85% do orzamento do proxecto até un máximo de 340.000,00, e a achega municipal completará o 15% restante .

As baixas de licitación que se poidan producir nas obras do plan base repartiranse de forma proporcional entre a deputación e o concello.

Pola súa parte, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar ao financiamento dos investimentos contidos no plan complementario.

5.- FORMA E PRAZO DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, até o día 31 de xaneiro de 2008 , a seguinte documentación:

5.1.- Certificación do acordo plenario municipal

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, de conformidade co modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente as bases e se concrete a denominación e presuposto da actuación que se solicita, e no que se preste aprobación ao proxecto técnico da obra .

Así mesmo, deberase facer constar no acordo, o plan de financiamento relativo á actuación solicitada, de xeito que se detalle o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal. No mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal á obra .

5.2. Certificación expedida polo secretario do concello acreditativa da titularidade municipal da instalación

5.3. Documentación descritiva das obras

O concello deberá presentar o proxecto técnico da obra por exemplar duplicado, co contido establecido no artigo 124 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

O orzamento máximo do proxecto que solicite o concello para a súa inclusión no plan é de 400.000,00 euros, coa excepción sinalada no penúltimo parágrafo da base 2.

5.4. Memoria xustificativa

Memoria xustificativa da necesidade do investimento solicitado, con referencia a se a deputación financiou ou non a execución de calquera tipo de terreo de xogo de campos de fútbol municipais nos últimos 5 anos, na que se indique o número de licenzas federativas de xogadores de fútbol do concello, a existencia de escolas de fútbol municipais e o cadro semanal co horario de utilización do campo de fútbol.

5.5 Informe técnico

Informe técnico sobre o estado no que se atopa na actualidade o terreo de xogo do campo cuxa transformación se solicita, no que se especifique a súa antigüidade, e no que así mesmo se indique o estado do peche exterior con valado de altura axeitada actualmente existente.

Ademais, deberán xuntarse fotografías da situación actual do campo de fútbol.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Unha vez terminado o prazo sinalado con anterioridade para a presentación de solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ao establecido nestas bases, especialmente no relativo ao seu obxecto, financiamento e documentación que se ha presentar. No caso de observarse algunha carencia ou deficiencia, concederáselle ao concello un prazo de 10 días para a súa corrección, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A proposta de selección realizarase entre todas aquelas solicitudes de obras que teñan a documentación técnica e administrativa completa e correcta, de conformidade cos requisitos esixidos nas bases do plan, tendo en conta os seguintes criterios e a ponderación que se establece para cada un deles:

| | |
|------------------|---|
| 30 puntos | Para aqueles concellos onde a deputación non financiara a execución de calquera tipo de terreo de xogo de campo de fútbol municipal nos últimos 5 anos. |
| De 0 a 40 puntos | Polo número de licenzas federativas do concello, segundo datos da Federación Galega de fútbol: De 0 a 100 licenzas - 5 puntos De 100 a 200 licenzas- 10 puntos De 200 a 400 licenzas- 20 puntos De 400 a 1.000 licenzas- 30 puntos Máis de 1.000 licenzas- 40 puntos |
| De 0 a 10 puntos | Pola antigüidade e máis pola situación de deterioración do campo cuxa transformación se solicita. |
| 10 puntos | Pola existencia de escolas deportivas municipais de fútbol. |
| De 0 a 10 puntos | Polo cadro semanal co horario de utilización do campo de fútbol municipal cuxa transformación se solicita. |

Poderanse seleccionar obras supletorias, de conformidade cos criterios sinalados con anterioridade, que se integrarían nun plan complementario, para o seu financiamento con cargo ás baixas de licitación da deputación.

7.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da proposta de selección elaborada, o Pleno da deputación prestará aprobación ao plan, onde se conterá a relación das actuacións seleccionadas para realizar nos concellos da provincia que nel se inclúan, con detalle de financiamento entre a deputación e os concellos. No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos a realicen os respectivos concellos.

A aprobación comprenderá tanto as obras principais que se integrarán no plan base, coma as obras supletorias que se integran nun plan complementario para o seu financiamento con cargo aos remanentes xerados polas baixas de licitación da deputación ou anulacións de proxectos, ou pola maior achega da deputación, polo que a aprobación definitiva deste plan complementario queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes ou exista financiamento dabondo.

Unha vez aprobado o plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que nun prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e remitiráselle para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997

da administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e desde a solicitude de informe sen que se presenten alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

A aprobación definitiva do plan adicional financiado cos remanentes xerados por baixas da licitación da deputación ou anulación de proxectos, ou pola maior achega da deputación, que se elabore no marco do plan complementario, realizarase mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o plan adicional.

8.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobará os proxectos técnicos correspondentes ás obras, co acordo expreso de delegación da súa contratación e execución nos respectivos concellos.

A contratación realizarase de conformidade co establecido no Real decreto 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e de conformidade cos pregos-tipo de condicións da deputación mediante poxa ou concurso con procedemento aberto.

As baixas e economías que se produzan na contratación das obras repartiranse de forma proporcional entre a deputación e o concello.

Os proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obra, se os houber, aprobaraos o órgano competente do concello e da deputación, pero o seu financiamento corresponderalle integramente ao concello, xa que a deputación non asumirá o financiamento dos gastos que xeren estes.

Así mesmo o concello deberá financiar todos os gastos a maiores que poidan xurdir durante a execución das obras, como os relativos á dirección da obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

O prazo para a contratación das obras polos respectivos concellos, establécese até o día 30 de setembro de 2008. Este prazo poderase ampliar, despois da solicitude de prórroga motivada do concello, que poderá conceder o presidente da deputación, mediante resolución.

9.- EXECUCIÓN DO PLAN

Os respectivos concellos executarán as obras de conformidade cos proxectos técnicos correspondentes presentados coa solicitude e aprobados co plan.

Desde o inicio das obras até a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

O prazo para que os investimentos incluídos neste plan estean rematados e xustificadas será até o día 1 de decembro de 2009. Non obstante, este prazo poderá ser obxecto de ampliación por solicitude do concello e por razóns

motivadas; o presidente da deputación estará facultado para a concesión da ampliación, mediante resolución.

10. PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

Os respectivos concellos xustificarán a realización dos investimentos presentando a certificación de execución das obras, debidamente aprobada polo concello e por exemplar triplicado.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial correspondente aos plans provinciais da deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000 euros, agás a última certificación.

Coa primeira certificación deberá xuntarse a fotografía onde se reflecta a colocación no campo de fútbol do cartel conforme ao modelo establecido

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou non caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supere o 100% do seu importe.

Unha vez rematadas as obras deberá achegarse a súa acta de recepción xunto coa última certificación de execución.

O concello deberá comunicarlle oportunamente á deputación, cunha antelación mínima de vinte días, a data de recepción da obra para que a deputación poida acudir ao acto cos técnicos designados para o efecto.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente á achega provincial polos investimentos realizados, despois da verificación da adecuación das certificacións ao proxecto das obras aprobadas no plan.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingreso de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega se realice por compensación.

11.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se poidan presentar resolveraa o presidente da deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención.

12.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non disposto nas presentes bases aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Concello Don/Dona secretario/a do

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión celebrada o adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Participar na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

| Denominación | Orzamento | Achega municipal | Achega provincial |
|---------------------|------------------|-------------------------|--------------------------|
| | | | |

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.

3º) Solicitarlle á deputación a delegación da contratación e execución da obra incluída no plan, que se entenderá aceptada no suposto de que efectivamente se produza.

4º) Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100% do seu importe.

6º) Facultar o alcalde - presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde- presidente, e coa excepción establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Coruña, de de 2007.

V e pr.:

O alcalde;

16.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 3ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO DA TRAVESÍA DE PASTORIZA A MACEIRA NA E.P. 0502 REMODELACIÓN E SUPRESIÓN DE BARREIRAS (ARTEIXO), POR SER O QUE SE AXUSTA AO DISPOSTO NO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE HAN DE INCLUIRSE NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004/2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2007 TERCEIRA FASE integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto no TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO |
|--------------|--|------------|
| 0711300004.0 | TRAVESIA DE PASTORIZA A MACEIRA NA E.P. 0502 REMODELACION E SUPRESION DE BARREIRAS (ARTEIXO) | 216.944,42 |
| | TOTAL | 216.944,42 |

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan.”

17.-APROBACIÓN DOS PROXECTOS INCLUIDOS NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007, 6ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2007 6ª FASE, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 3.019.233,43.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/611.02 e que se detalla:

| CÓDIGO | CONCELLO | DENOMINACION | ORZAMENTO |
|--------------|----------------|---|--------------|
| 0711100012.0 | CAMBRE | MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1701 DA ROCHA A ANCEIS E NA E.P. 1702 DE CAMBRE Á ROCHA | 123.926,79 |
| 0711100013.0 | VALDOVIÑO | AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO DA E..P. 5404 DO PK 6,500 AO FINAL DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA | 621.555,18 |
| 0711100015.0 | O PINO E ARZUA | AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0604 DA E-544 A ARZUA POR CALVOS PK 0,000 AO 3,300 E DO P.K. 4,700 AO 5,000 | 382.850,56 |
| 0711100016.0 | NEGREIRA | AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 5602 PK 0,00 AO PK 6,360 NEGREIRA A PONTENAFONSO | 1.890.900,90 |

| | | | |
|--|--|-------|--------------|
| | | TOTAL | 3.019.233,43 |
|--|--|-------|--------------|

2.- Aprobar inicialmente o plan complementario ao presente plan, no que se inclúen as obras que se relacionan. Estas obras teñen o carácter de supletorias e financiaranse unha vez aprobado o expediente de modificación de créditos nº 2/2007, de forma que queden condicionadas á entrada en vigor do devandito expediente. Unha vez acreditado o cumprimento desta condición facúltase ao presidente para a aprobación definitiva do plan complementario e demais actuacións necesarias para a súa execución.

| CÓDIGO | CONCELLO | DENOMINACION | ORZAMENTO |
|--------------|----------|---|------------|
| 0711100014.0 | VIMIANZO | CONSTRUCCION DE VARIANTE ENTRE O P.K. 1,750 E O P.K. 2,450 DA E.P. 9302 DE CAXADAS A BAIÑAS | 359.596,68 |
| | | TOTAL | 359.596,68 |

3) Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

18.- APROBACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DO EUME PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA E PROMOCIÓN ARTESANAL NA ZONA DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación con data do 28 de setembro de 2006 polo que quedou aprobado o texto do convenio que ha subscribir a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER, a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume.

2.- Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER, a Excma. Deputación provincial da Coruña o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación Euroeume para o desenvolvemento dun **Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume.**

3.-Comprométese a deputación a incluír nos presupostos crédito suficiente para financiar as achegas provinciais das respectivas anualidades, previstas no clausulado do convenio de acordo co seguinte detalle:

| | |
|----------------------|--------------|
| Anualidade 2008..... | 140.000,00 € |
| Anualidade 2009----- | 100.000,00 € |
| Anualidade 2010----- | 100.000,00 € |

4.- Aprobar de conformidade co establecido no artigo 155.5 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das fachendas locais, a modificación das porcentaxes dos gastos de carácter plurianual destinados ao financiamento das obras nas anualidades 2006, 2007 e 2008 que quedan establecidos tal e como se indican no apartado precedente.

A achega poderá facerse efectiva de acordo coas previsións e requisitos fixados no texto do convenio con cargo á partida 0305/751A/628.00

5.- Os acordos das Comisións técnica e de Seguimento, previstas no clausulado do convenio, referidos á aprobación dos proxectos a executar no cumprimento del, serán sometidos á aprobación do Pleno da Deputación provincial, en cumprimento da previsión contida no artigo 107. de Lei 5/1997 de administración local de Galicia, que literalmente di:

...1-. Corresponden, en todo caso, o Pleno as seguintes atribucións:

... d) A aprobación dos proxectos de carácter provincial.

“6.- Designar como representantes da Deputación na Comisión de Seguimento do Plan ao Sr. vicepresidente da Deputación Provincial e presidente da Comisión de Promoción Económica Emprego e Turismo D. Pablo Villamar Díaz , que a presidirá, e a D. Gonzalo Prego Fernández .

7.- Aprobar a relación de actuacións que integran o contido da anualidade do plan que queda incorporada como anexo do convenio.

8.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio"

O texto íntegro do convenio é o que queda detallado a continuación

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE INNOVACION E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, A AXENCA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL-AGADER, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DO EUME, E A ASOCIACIÓN EUROEUME PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN

PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA E PROMOCIÓN
ARTESANAL NA ZONA DO EUME.

Santiago de Compostela, de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, don Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no exercicio das funcións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia,

Doutra parte, don Edelmiro López Iglesias, director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.- Agader, nomeado por acordo do Consello de Dirección do 10 de outubro de 2005, con facultades para a subscrición do presente convenio en virtude do acordo de delegación de funcións do 21 de xuño de 2007,

Doutra parte, don Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do acordo do Pleno do 26 de novembro de 2003, en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e facultado para a subscrición do presente convenio polo acordo do Pleno con data do

Doutra, don Víctor Guerreiro Pena, presidente do Centro de Iniciativas Turísticas do Eume, en virtude do acordo da Asemblea Xeral do xxxxx, e con competencias para asinar este convenio en virtude do artigo xx dos estatutos

Doutra, don José Castro Romero, presidente da Asociación Euroeume, en virtude do acordo da Asemblea Xeral do xxxxxxxxxx, con competencias para asinar este convenio en virtude do artigo xx dos estatutos

Todas as partes, na súa representación teñen capacidade legal para asinar o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Que a consellaría de Innovación e Industria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden competencias en materia de turismo, de promoción do Camiño de Santiago e da súa valorización turística, así como de promoción da artesanía en canto factor dinamizador da actividade turística, de acordo co establecido na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.

Que Agader se crea pola Disposición adicional 6ª da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario de Galicia, como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. De acordo coa súa lei de creación, correspóndenlle, entre outras funcións, promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directamente no desenvolvemento das zonas rurais.

Que a Deputación Provincial da Coruña, en virtude das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, elaborou diversos proxectos para a mellora turística dos municipios de Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmaior, As Pontes e A Capela (provincia da Coruña), en relación coas liñas estratéxicas e os programas da Consellaría de Innovación e Industria.

Que o Centro de Iniciativas Turísticas (CIT) do Eume -como entidade sen ánimo de lucro formada por concellos, a asociación de empresarios de turismo do Eume e Cámara de Comercio de..... - vén desenvolvendo un amplo e importante labor na dinamización e na busca de novos recursos turísticos, e na promoción da artesanía da zona como valor económico e turístico.

Que a Asociación Euroeume -como entidade sen ánimo de lucro formada por concellos, Xunta, Deputación provincial, asociacións culturais, deportivas, veciñais, agrarias e de empresarios e comerciantes- vén promovendo Programas das administracións públicas e intercambios de experiencias e metodoloxías que contribúen ó desenvolvemento da zona do Eume.

Que todas as partes consideran que a mellora da competitividade turística da zona do Eume e a súa sostibilidade económica, social e ambiental precisa dunha mellora da calidade do medio urbano e natural dos municipios que as integran, unha ampliación e mellora dos servizos públicos, unha adaptación ás tendencias da demanda, a posta en valor de novos recursos turísticos e a promoción da artesanía da zona como valor económico e turístico.

Que, toda vez que está prevista a posta en marcha dun Plan de desenvolvemento turístico -no que participan tamén todas as administracións asinantes- nas comarcas de Ferrolterra e Ortegal, faise preciso implementar accións neste campo na comarca do Eume, co obxecto de cubrir as amplas posibilidades coas que conta neste campo a zona e coordinar as accións coas anteditas comarcas limítrofes.

Que a confluencia de obxectivos e programas de todas as partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta de proxectos coa finalidade de acadar a mellora da calidade turística dos seis concellos desta zona piloto co máximo rendemento dos recursos empregados.

En consecuencia, as entidades acordan formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria -a través das Direccións Xerais de Comercio e de Turismo-, Agader, a Deputación da Coruña, o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación Euroeume, para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción comercial artesanal da zona do Eume nos concellos de Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmador, As Pontes e A Capela.

SEGUNDA.- OBXECTIVOS DO PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL ARTESANAL NA ZONA DO EUME

O plan prevé a realización dun conxunto de actuacións de carácter plurianual para o período 2007-2010, coa implicación e participación coordinada das distintas administracións públicas con competencias sobre o territorio.

Tomando como eixes vertebradores do desenvolvemento turístico da zona o Camiño Inglés e a Ruta dos Andrade, e no marco dos principios do turismo sostible, cunha aposta decidida pola calidade e singularidade do produto e máis a reflexión estratéxica global, e de acordo coas directrices das políticas de integración ambiental e de desenvolvemento rural, o Plan persegue os seguintes obxectivos:

- Dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos turísticos axeitados ou, de ser o caso, mellora da calidade dos existentes.
- Potenciación da diversificación e mellora da oferta complementaria.
- Creación de novos produtos turísticos.
- Posta en valor e presentación do patrimonio cultural e natural.
- Sensibilización, formación e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade.
- Comunicación, promoción e comercialización da oferta turística.
- Realización de feiras de produtos artesanais e agroalimentarios da zona.
- Mellora e promoción dos obradoiros de artesanía existentes na zona.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

No marco das súas respectivas competencias e fins, as partes asinantes asumen os seguintes compromisos:

- A Consellaría de Innovación e Industria:
 - Contribuír financeiramente ao desenvolvemento e execución do plan nos termos previstos na cláusula cuarta.
 - Considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e de apoio ao sector, a colaboración naqueles proxectos turísticos e actividades artesanais -como os promovidos desde a Deputación Provincial da Coruña- que converxan nos obxectivos do plan.

- Agader:
 - Contribuír financeiramente ao desenvolvemento e execución do plan nos termos previstos na cláusula cuarta.
 - Apoiar aquelas actuacións, plans e iniciativas que contribúan a dinamizar o medio rural, prestando unha especial atención ás que supoñan a activación dos sectores de actividade que son parte fundamental do plan.

- Deputación Provincial da Coruña:
 - Contribuír financeiramente ao desenvolvemento e execución do plan nos termos previstos na cláusula cuarta.
 - Procurar o coñecemento e difusión da filosofía, obxectivos e actuacións que comprende o plan entre a poboación e os axentes turísticos dos concellos referidos na cláusula primeira, velar polo desenvolvemento da actividade turística e o fomento da sostibilidade económica, social e ambiental dos devanditos concellos e, especialmente, en materia de calidade do ambiente urbano e natural e a dos servizos públicos.

- O Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación Euroeume:
 - Estimular, difundir e promover as actuacións necesarias para impulsar a aplicación do plan.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

As partes comprométense a financiar o plan con oitocentos vinte mil (820.000) €, que terán a seguinte distribución plurianual:

| Entidade | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | TOTAIS | Aplicación orzamentaria |
|---|--------|--------|--------|--------|---------|-------------------------|
| Consellaría de Innovación e Industria.- D. X. de Comercio | 40.000 | 35.000 | 30.000 | 30.000 | 135.000 | 10 05 741F 760.0 |
| Consellaría de Innovación e Industria.- D. X. de Turismo | 50.000 | 30.000 | 30.000 | 25.000 | 135.000 | 10 06 761A 760.0 |

| | | | | | | |
|---|---------|---------|---------|---------|---------|--------------------------|
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 30.000 | 35.000 | 35.000 | 35.000 | 135.000 | 02.01.02.04.01 656800 |
| Deputación Provincial da Coruña | 75.000 | 140.000 | 100.000 | 100.000 | 415.000 | 0305/751A/628.00 |
| TOTAIS | 195.000 | 240.000 | 195.000 | 190.000 | 820.000 | |

QUINTA.- COMISIÓN TÉCNICA

No prazo de quince días contados desde a sinatura do convenio, constituirase unha Comisión Técnica, coa composición, réxime de funcionamento e competencias que a continuación se refiren:

I. Composición:

Presidente:

O presidente da Deputación Provincial da Coruña ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- O director xeral de Turismo da Xunta de Galicia ou a persoa en quen delegue.
- A directora xeral de Comercio ou persoa na que delegue.
- O director xeral de Agader ou persoa na que delegue.
- O deputado provincial de Promoción Económica.
- Un representante do Centro de Iniciativas Turísticas do Eume.
- Un representante da Asociación Euroeume.

Secretario:

Actuará como secretario da Comisión Técnica o secretario da Deputación Provincial ou funcionario en quen delegue.

II. Réxime de funcionamento.

A Comisión Técnica reunirse a iniciativa do presidente ou cando algún dos seus membros o solicite e, en calquera caso, un mínimo de tres veces ao ano.

O presidente da Comisión Técnica, a iniciativa propia ou a solicitude dalgún dos membros, poderá invitar a participar nas reunións, en calidade de expertos, con voz pero sen voto, a aquelas persoas que pola súa especial competencia e coñecementos, consideren oportuno.

Os acordos de aprobación e modificación de actuacións, e a solicitude de prórroga do prazo de execución, adoptaranse por maioría absoluta, sempre que exista a conformidade, polo menos, das entidades que contribúen financeiramente no proxecto.

O réxime xurídico da Comisión Técnica será o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III. Competencias:

Aprobar, no marco das actuacións xenéricas previstas no anexo, as actuacións concretas a levar a cabo, determinar os criterios para a súa realización e verificar a súa execución, así como a súa adecuación aos fins perseguidos.

Para estes efectos, a Comisión Técnica aprobará no primeiro trimestre de cada ano, as actuacións concretas que se van a financiar no respectivo exercicio orzamentario, coa determinación dos importes máximos previstos para cada unha delas. Para a anualidade 2007, a Comisión Técnica determinará na primeira reunión as actividades concretas que se van desenvolver.

- Proceder á revisión e adecuación das actuacións sempre que o aconsellen as circunstancias.

- Solicitar ás partes financiadoras, cando algunha circunstancia sobrevida así o aconselle, a ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións, cunha antelación mínima de dous meses respecto da data prevista na cláusula sétima para a xustificación.

- Dirixir o labor da xerencia e autorizar e verificar os seus gastos.

- Acordar a aplicación dos remanentes a que se refire a cláusula oitava.

SEXTA.- XERENCIA

Coa finalidade de xestionar, aplicar e executar o plan crearase unha Xerencia do plan como órgano de apoio á Comisión Técnica que desenvolverá as funcións seguintes:

- Impulsar as actuacións do plan.

- Difundir o plan.

- Colaborar na reflexión estratéxica sobre o plan.

- Efectuar propostas de actuacións.

- Procurar a coordinación do plan con outras actuacións que poidan levar a cabo na zona as administracións representadas no convenio.

- Conseguir a documentación precisa para a xustificación das actuacións do plan a que se refire a cláusula sétima.
- Cumprir as funcións de observatorio turístico.
- Elaborar a memoria global referida na cláusula sétima.
- Calquera outra que lle asigne a Comisión Técnica.

SÉTIMA.- EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

A execución e xustificación dos proxectos aprobados pola Comisión Técnica corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña.

No caso dos gastos imputados ás entidades da Xunta de Galicia no marco das súas previsións orzamentarias anuais, a Deputación provincial deberá remitirles aos órganos xestores destas a documentación xustificativa dos gastos antes do 1 de decembro de cada ano natural. Non obstante, por causas debidamente xustificadas, e a solicitude da Comisión de Seguimento e control, o Consello da Xunta de Galicia poderá autorizar un reaxuste das anualidades, sempre que non exceda o importe total das achegas comprometidas no convenio.

A xustificación documental da aplicación dos fondos correspondentes a cada anualidade realizarase da forma seguinte:

- Memoria xeral, na que se recolla o grao de cumprimento acadado en relación cos obxectivos e actuacións aprobadas pola Comisión Técnica, incluíndo documentos acreditativos do traballo realizado e as pertinentes facturas acreditativas.
- Informe sucinto de cada actuación.
- Informe sobre as repercusións do plan nos medios de comunicación.
- Certificado do secretario da Deputación provincial no que se transcriba o acordo adoptado polo seu órgano competente, aprobando as facturas, con expresión do seu importe e da actividade concreta que se financia.

No caso de que as actividades sexan cofinanciadas con recursos de distinta procedencia, o dito acordo deberá referir a porcentaxe de cofinanciamento que asume cada entidade, co fin de controlar a concorrencia das subvencións.

En relación con cada actividade que se finencie no marco deste convenio, e xunto coa última solicitude de pagamento, a Deputación provincial remitirá unha declaración de axudas solicitadas, das concedidas e, de ser o caso, das pendentes de resolución, por parte das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Se a materialización do investimento se anticipase ao calendario establecido e non fose posíbel o reaxuste das anualidades, o investimento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento da anualidade posterior.

Á finalización do plan, a Deputación provincial remitirá unha memoria global, elaborada pola Xerencia, verbo das actuacións realizadas no marco do convenio, con referencia aos produtos turísticos creados, á repercusión económica no territorio e á coordinación con outros proxectos levados a cabo nese espazo xeográfico, así como tamén a previsión da xestión turística do destino.

A Deputación provincial, en canto entidade beneficiaria da subvención, asume as obrigas referidas no artigo 78.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. En particular, asume o compromiso de facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

OITAVA.-PAGAMENTO

Para facer fronte ás obrigas vinculadas a este convenio, a Deputación provincial deberá abrir unha conta bancaria, na que se ingresarán os importes comprometidos polas distintas entidades financiadoras, logo da xustificación do gasto nos termos referidos na cláusula sétima, así como aqueles outros ingresos vinculados á execución do convenio.

Os libramentos que corresponda facer ás entidades da Xunta de Galicia faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario. Poderán tramitarse pagamentos parciais, que non excederán do 80% do importe previsto para cada anualidade. O importe restante librarase no momento da completa xustificación dos gastos imputables a cada anualidade.

De producírense remanentes de fondos na conta bancaria, a Comisión Técnica poderá acordar, de xeito motivado, destinalos a financiar a realización daquelas actuacións aprobadas que tiveran un maior custo do inicialmente previsto, ou ben a financiar novas actuacións que contribúan á consecución dos obxectivos do plan.

NOVENA.- VIXENCIA

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2010. Será prorrogábel polo tempo que as partes acorden se, chegado o seu termo, existen razóns que así o aconsellen para o cumprimento das súas previsións. A prórroga non suporá, en ningún caso, un incremento dos compromisos orzamentarios.

DÉCIMA.- OBRIGA DE DESTINO

Os bens financiados no marco do presente convenio haberán de destinarse ao fin previsto durante un período mínimo de cinco anos, de acordo co disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

No prazo de 15 días a contar desde o seguinte ao da sinatura do convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, coa composición, funcións e réxime de funcionamento que a continuación se determina:

I. Composición

Estará integrada por un representante de cada unha das entidades asinantes. Actuará como presidente un representante da Consellaría de Innovación e Industria, designado polo seu titular.

II. Funcións

Correspóndenlle á Comisión as funcións de seguimento e control do convenio, así como a resolución dos problemas que poidan xurdir na súa interpretación.

III.- Réxime de funcionamento

O réxime xurídico desta Comisión de Seguimento será o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio de colaboración poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes que interveñen nel antes da expiración do prazo da súa duración.

Será causa de resolución deste convenio o incumprimento das súas cláusulas.

No caso de extinción anticipada deste convenio por causas alleas á vontade das institucións asinantes, os custos que puideran xerarse serán asumidos por cada unha das entidades financeiras na mesma proporción establecida para a realización das súas achegas. Se a extinción fose ocasionada porque algunha delas desiste, correrán pola súa conta os maiores custos que puideran producirse, podendo os organismos restantes tomar o acordo que consideren pertinente respecto da continuidade e forma de financiamento das actuacións.

A resolución do convenio non afectará, se así o acordan as partes, á finalización das actividades que estivesen en execución e que incidisen gravemente nos posibles resultados pretendidos co obxecto do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Trátase dun convenio de colaboración previsto no artigo 3.1 do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e excluído, polo tanto, da Lei de contratos. Regularase polas súas normas especiais, sen prexuízo da aplicación dos principios da LCAP para resolver as dúbidas e lagoas que poidan formularse.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nos artigos 6 e 9 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo artigo 57 da Lei de bases do réxime local e pola lexislación sobre a materia obxecto do convenio e demais normas de dereito administrativo aplicábeis, e, de non as haber, polas normas de dereito privado.

Para todo o non previsto no presente convenio, en base á natureza subvencionadora deste proxecto, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba ou regulamento da devandita lei, os artigos 78 e 79 do Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

As cuestións litixiosas a que poida dar lugar, a interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data arriba indicados, por quintuplicado exemplar, quedando un deles en poder de cada unha das partes.

O conselleiro de Innovación e Industria O director xeral da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

Fernando Xabier Blanco Álvarez

Edelmiro López Iglesias

O presidente da Deputación Provincial
da Coruña

O presidente do Centro de Iniciativas
Turísticas do Eume

Salvador Fernández Moreda

Víctor Guerreiro Pena

O presidente da Asociación Euroeume

José Castro Romero

ANEXO.- ACTUACIÓN PLURIANUAIS 2007-2010

| ANUALIDADE 2007 | |
|---|-------------------|
| ACTUACIÓN | PRESUPOSTO |
| 1.- Xerencia e observatorio turístico | 25.000 € |
| 2.- Feira de artesanía e de produtos agroalimentarios | 25.000 € |
| 3.- Puntos de información turística nos concellos | 115.000 € |
| 4.- Centro de interpretación turística e da artesanía (1ª anualidade) | 20.000 € |
| 5.- Comunicación e promoción | 10.000 € |
| TOTAL | 195.000 € |
| ANUALIDADE 2008 | |
| Xerencia e observatorio turístico | 25.000 € |
| Feira de artesanía e de produtos agroalimentarios | 25.000 € |
| Centro de interpretación turística e de artesanía (2ª anualidade) | 120.000 € |
| Edición de material promocional | 10.000 € |
| Sinalización | 15.000 € |
| Recuperación de obradoiros | 45.000 € |
| TOTAL | 240.000 € |
| ANUALIDADE 2009 | |
| Xerencia e observatorio turístico | 20.000 € |
| Feira de artesanía e de produtos agroalimentarios | 25.000 € |
| Recuperación de obradoiros | 25.000 € |
| Creación de rutas temáticas e produtos turísticos | 125.000 € |
| TOTAL | 195.000 € |
| ANUALIDADE 2010 | |
| Xerencia e observatorio turístico | 10.000 € |
| Feira de artesanía e de produtos agroalimentarios | 25.000 € |

| | |
|---|------------------|
| Creación de rutas temáticas e produtos turísticos | 145.000 € |
| Edición de material promocional | 10.000 € |
| TOTAL | 190.000 € |
| PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PLAN EUME | |
| Xerencia e observatorio turístico | 80.000 € |
| Feira de artesanía e de produtos agroalimentarios | 100.000 € |
| Puntos de información turística nos concellos | 25.000 € |
| Centro de interpretación turística e de artesanía | 170.000 € |
| Edición de material promocional | 180.000 € |
| Sinalización | 180.000 € |
| Recuperación de obradoiros | 180.000 € |
| Creación de rutas temáticas e produtos turísticos | 270.000 € |
| TOTAL | 820.000 € |

19.-ACORDO SOBRE INICIACIÓN DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO DE TURISMO DE AROUSA-NORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Acordar o inicio dos trámites para a constitución do Consorcio de Turismo Arousa Norte e da Comisión Xestora do Consorcio que terá representación provincial ata a definitiva constitución dos órganos de goberno do Consorcio..

2.- Designar como representante da Corporación Provincial da Coruña, na Comisión Xestora do Consorcio a Rosana Pérez Fernández."

20.-PROXECTO REFORMADO DA OBRA DE REHABILITACIÓN E MUSEALIZACIÓN DA CASA REITORAL DE GOLMAR, NO T.M. DA LARACHA DENTRO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o reformado da obra " Rehabilitación e musealización da Casa Reitoral de Golmar, T.M da Laracha" elaborado polos arquitectos superiores Dona Dulce María Trigo Cousillas e D. Juan Manuel Doce Porto. A obra foi incorporada como actuación plurianual nas anualidades segunda e terceira do plan de Dinamización turística da Costa da Morte e cun presuposto de 237.922,76 euros. O presuposto do reformado ascende a 285.498,03 euros.

2. Aprobar a concesión da achega provincial ao proxecto modificado polo importe de 45.575,27 euros a que ascende a diferenza entre o presuposto da obra inicial (presuposto de adxudicación) e o modificado.”

21.-APROBACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que ha subscribir a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a "FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS" para financiar a súa actividade xeral e gastos de funcionamento.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 54.000 €

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/560.A/489.01 .

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS PARA FINANCIAR PROXECTOS PROMOVIDOS POR ESTA NOS CONCELLOS QUE A FORMAN

A Coruña, na sede da Deputación provincial, de dous mil sete.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Edelmiro López Iglesias, presidente da Asociación de Desenvolvemento Local FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de financiar proxectos promovidos pola FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS e os concellos de Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos e Paderne, para o desenvolvemento comarcal de

Galicia, proxecto que tivo a aprobación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

2.- Que a Deputación da Coruña ten atribuída legalmente a competencia de fomento dos intereses da provincia.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: OBXECTO

A FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS está a xestionar unha iniciativa AGADER . Para a consecución dos seus obxectivos, a actividade da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos concrétese nas seguintes actuacións:

1. Propoñer e avaliar iniciativas de desenvolvemento da comarca que se poidan incorpora ao Plan de desenvolvemento comarcal de Betanzos.
2. Asesorar e complementar as suxestións propostas nas reunións do grupo de traballo das Mesas de Iniciativas Sectoriais.
3. Desenvolver os programas e accións contidas no Plan de desenvolvemento desta comarca.
4. Establecer coas administracións implicadas os contactos que sexan necesarios para cumprir os obxectivos a realizar as accións que os plans conteñan.
5. Promover e coordinar iniciativas e acción de animación sociocultural e participación social, relacionadas co desenvolvemento da comarca.
6. Emitir informes sectoriais sobre a problemática e posibilidade de desenvolvemento dos recursos da comarca.
7. Realizar estudos complementarios sobre o potencial de desenvolvemento da comarca, a requirimento dos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

8. Posta en marcha de programas concertados en coordinación cos obxectivos recollidos no Plan de desenvolvemento desta comarca.
9. Promover iniciativas para a dinamización dos recursos humanos, e de base produtiva da comarca.
10. Promoción exterior dos recursos da comarca, especialmente recursos turísticos e das vantaxes comparativas do sistema produtivo comarcal.
11. Facilitar a atracción de investimento para a comarca.
12. Promover e executar programas comunitarios de desenvolvemento local, iniciativas comunitarias como Leader, Proder, Agader ou Interreg, ou aquelas outras que teñan por obxecto o desenvolvemento socioeconómico da comarca.
13. Colaborar no seguimento das execucións dos programas.
14. Realizar informes periódicos consultivos sobre o grao de cumprimento do Plan de desenvolvemento desta comarca.

SEGUNDA: OBRIGAS

A FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS informará á Excm. Deputación provincial da Coruña sobre o estado detallado da execución dos proxectos incorporados no presente convenio.

A asociación FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

Tendo en conta que os proxectos son promovidos polos concellos, estes, naqueles gastos de execución dos proxectos que non xestionen directamente e sexa preciso acudir á contratación administrativa, neste suposto axustarase ao disposto no R.D.Legislativo 2/2000 do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas

TERCEIRA: FINANCIAMENTO E PAGAMENTO

A Deputación da Coruña financiará os proxectos cunha achega de 54.000,00 co obxectivo de custear parcialmente o custo derivado da actividade xeral. A porcentaxe da achega provincial é un 43,7623 % do importe total do orzamento 123.393,73 €.

CUARTA: FORMA DE PAGAMENTO

A achega provincial librarase en pagamentos proporcionais ás cantidades xustificadas e previa acreditación dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación dos correspondentes xustificantes. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores ao orzamento da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima establecida na cláusula segunda para cada obra. En todo caso a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas antes do 30/07/2008

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse achegar declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada. Así mesmo, a FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS deberá acreditar estar ao corrente das súas obrigas coa Administración Tributaria e coa Seguridade Social.

No caso de non superar o custo da actividade subvencionada, a entidade reintegraralle á Deputación Provincial da Coruña o exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes.

Os pagamentos requirirán informe favorábel da Sección de Promoción Económica, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos.

QUINTA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir en relación con este será competencia da Xurisdición Contencioso Administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto no R.D.Lexislativo 2/2000 do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e en especial a obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 14.e) para a concesión e o artigo 34.5 para o recoñecemento da obriga do pago da citada lei.

SEXTA:

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e entenderase ata o 30 de xullo de 2008, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

Sr. Presidente

Antes de comezar na parte de control, rógolle ao secretario que dea lectura a unha declaración institucional pactada polos tres grupos políticos na deputación, e que deberíamos de ler antes de comezar o Pleno, pero pasóusenos aos dous, polo tanto, pido desculpas, e polo tanto creo que aínda estamos no momento procedemental oportuno para corrixir o erro.

Sr. Secretario xeral

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO RESPECTO DA CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES PARA SER DECLARADA PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña P.P., PsdeG-PSOE e BNG presentan a seguinte declaración institucional

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O derradeiro 10 de outubro de 2007 o Consello de Patrimonio Histórico Español, dependente do Ministerio de Cultura, designaba á Torre de Hércules como candidata oficial de España para ser declarada Patrimonio da Humanidade.

Esta designación supón o recoñecemento do seu valor patrimonial, e constitúe o primeiro paso dun longo proceso para conseguir o recoñecemento da UNESCO cara esta peza singular que ocupa un lugar destacado na historia da cidade da Coruña.

A Torre de Hércules recibe esta designación como recoñecemento ao seu valor histórico e á súa singularidade, xa que é un dos poucos monumentos de máis de dous mil anos que se conservan en tan boas condicións; é o único faro construído na época romana que segue en servizo na actualidade. Esa singularidade levouna a converterse en símbolo e icona dunha cidade que mira ao futuro, preservando o importante legado do pasado.

Porén, esta designación non é un punto final, senón unha escala máis dentro dunha longa singradura que concluirá en xuño de 2009, cando a UNESCO teña que adoptar unha decisión definitiva sobre a candidatura coruñesa. Antes do 1 de febreiro España deberá presentar de forma oficial a proposta ante a UNESCO, o que require un arduo traballo para a promoción dos valores históricos e artísticos do monumento. Esa consolidación da candidatura é unha labor de todos e das administracións públicas: a local, a provincial, a autonómica e a nacional, así como da sociedade galega no seu conxunto.

A importancia simbólica da Torre de Hércules éo non só para os cidadáns da Coruña, senón para o conxunto dos residentes nos concellos e cidades da nosa provincia, como o reflicte o noso escudo da Deputación provincial.

Por todo iso, os grupos provinciais con representación institucional da Deputación da Coruña (P.P., PsdeG-PSOE e BNG), propoñen a adopción dos acordos recollidos na seguinte

PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os membros da corporación da Deputación provincial, reunidos en Pleno, manifestan:

- ❖ O unánime apoio á candidatura da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade.
- ❖ O seu apoio a toda iniciativa que leve ao coñecemento e recoñecemento de esta importante peza arquitectónica da nosa provincia, como símbolo da luz e guía que debe mover aos pobos na defensa da liberdade.
- ❖ O seu compromiso de desenvolver un proxecto de actividades e iniciativas de apoio á dita candidatura.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente. A deputada Pilar Farjas, que foi a que deu vida un pouco a esta iniciativa, quere falar.

Sra. Farjas Abadía

Moitas grazas. Como coruñesa, como representante dos coruñeses nesta Corporación, a deputación, é un pracer constatar a vontade de todos os deputados dos distintos grupos políticos na Deputación provincial de apoiar esta resolución. Xa que logo, quero expresar explicitamente a gratitude do Grupo Popular, do Partido Popular, polo apoio prestado a esta resolución, iniciativa deste grupo político. Eu creo que é un día significado, é un momento significado, e ademais animo a que despois se expliciten en programas e proxectos concretos nos que poidamos participar os tres grupos políticos da Corporación que sexan expresión desta vontade hoxe manifestada. Grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sra. Farjas. Como sabe vostede que o que abunda non dana, eu quéro lle dicir que non é a primeira iniciativa que a Deputación da provincia da Coruña ten con respecto á adhesión á candidatura da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade, xa no Pleno do mes de maio do ano 2002, por unanimidade, acordouse aprobar á adhesión a esta proposta; o Pleno do 11 de abril do ano 2003 convoca un premio de composición musical “Cantata Torre de Hércules”, como manifestación de

apoio da deputación a esa candidatura, e recentemente o 12 de setembro de 2007 eu reuníame coa Comisión que propuxo a Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade. Oxalá que o éxito que tivemos ata agora, que é unha candidatura oficial, teñámolo tamén e sexa denominada Patrimonio da Humanidade, como todos esperamos.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Cobián Fernández de la Puente

En primeiro lugar, no meu nome propio, e en nome do todo grupo do Partido Popular, queremos agradecer aos técnicos do Conservatorio Profesional de Danza por entregarnos unhas indicacións do funcionamento do sistema de aparellos deste plenario, e dicir que me chama poderosamente a atención que no primeiro punto diga que “O aparello do presidente ten nivel 1 e dá prioridade, polo cal dá sombra a todos os demais”, Sr. Presidente, nada máis que dicirlle que os meus máis profundos parabéns porque a verdade é que eu non coñecía as súas facultades.

E dito isto vou pasar á exposición dos motivos da moción. A Deputación Provincial da Coruña é unha institución con clara vocación de servizo aos concellos que representa, por esta razón é responsabilidade de todos e cada un dos membros desta Corporación poñer en marcha instrumentos que sirvan de axuda e de apoio a todos e cada un dos entes locais que forman parte da nosa institución, e dedicada, como todos sabemos, en exclusiva a esta función, atópase precisamente a área de Asistencia e Cooperación a Municipios. Neste sentido, un dos problemas que detectou o Grupo Provincial do Partido Popular é a escasa cobertura que, desde aquí, se presta ao asesoramento e apoio aos concellos para mellorar e regularizar as condicións laborais dos seus empregados. Tal e como se explica no artigo 34 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, recoñécese a lexitimación negocial das asociacións de municipios e entidades locais de ámbito supramunicipal. Precisamente un dos principais problemas cos que se atopan as corporacións locais da Coruña, sobre todo aquelas cun menor número de habitantes, é a escasa información, apoio e asesoramento que reciben á hora de regularizar a situación dos seus empregados, sumado ademais ao apertado orzamento co que funcionan.

Nestes momentos, e polos motivos antes expostos, a práctica totalidade dos concellos que forman a provincia, mostraron dificultades para lograr acordos que beneficien o funcionamento das corporacións. Na maioría dos casos por falta de medios económicos e humanos, de feito, dos 94 concellos da provincia, tan soamente 29 sacaron adiante convenios colectivos de persoal laboral, e destes 29, tan só 20 teñen acordos reguladores de persoal funcionario.

As administracións locais da provincia da Coruña dan emprego a un total de 11.200 traballadores, e estes datos están dispoñibles con data do 1 de xaneiro polo

informe semestral que emite o Ministerio de Administracións Públicas, a situación actual de falta de regulación laboral da maioría destes empregados públicos, repercute na óptima atención ao cidadán e é unha obriga desta Deputación provincial promover a negociación de convenios colectivos que amporen a situación laboral destes traballadores. A título de exemplo de comunidades autónomas pioneiras na regularización de condicións laborais dos traballadores en xeral, e dos empregados públicos en particular, no País Vasco aprobouse hai anos un convenio colectivo de mínimos para os traballadores das administracións locais e forais vascas, agrupando neste mesmo convenio a un total de 23.000 traballadores. Este convenio hai que dicir que tivo o apoio de todas as organizacións sindicais e de todos os grupos políticos.

Por último dicir que a Deputación provincial debe apoiar ante todo aos concellos da Coruña, e xa que existe unha área exclusiva de atención ás corporacións locais, o Grupo Provincial do Partido Popular propón a seguinte moción para tratar no Pleno.

Primeiro, a creación de dúas comisións especiais, a primeira delas para a elaboración dun convenio colectivo de persoal laboral de ámbito provincial, e a segunda dun acordo regulador para o persoal funcionario. Estes convenios terían o carácter de mínimos e, en todo caso, garantiríanse as condicións actuais que superan ao disposto nos devanditos convenios. Así mesmo, manterían a vixencia os convenios e acordos reguladores xa asinados entre os distintos concellos, ou entre concellos e a deputación.

En segundo lugar, a Comisión estará composta por representantes dos grupos políticos con representación neste ente provincial, así como dos sindicatos máis representativos. E, por último, dicir que se prestaría asesoramento xurídico para a posta en marcha dos convenios a aqueles concellos que se desexen adherir a este.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Cobián, antes de darlle a palabra ao Sr. Lagares, agrázolle a felicitación que me fixo por esas facultades que eu teño e que parece ser que vostede descoñecía, pero son facultades legais e indelegables para dirixir e ordenar o debate, que teñen todos os alcaldes de España, todos os presidentes de Deputación e todos as persoas que presidan algún órgano e, loxicamente, eu teño a potestade de dar a palabra e de retirar a palabra, de apagar o micrófono, por certo, xestiónoo con bastante prudencia, porque tería que retirarlle a palabra a vostede, porque esta moción non está incluída na orde do día, porque se presentou onte, e obviamente a orde do día xa estaba confeccionada e estaba enviada a todas as Sras. e Sres. Deputados. Como non estaba presentada na orde do día, non está incorporada, non se pode debater o contido da moción, temos que debater a urxencia, e vostede debería de explicar por que ao seu

xuízo é urxente debater esta moción aquí, e non argumentar a favor da moción, que iso forma parte do debate, unha vez que declaremos a urxencia.

Polo tanto, a pesar desas facultades que a lei me dá, e que son indelegables, e que vostede se sorprende porque non sabía que as tiña, dígolle que adminístroas cunha certa prudencia e sensatez. Ten a palabra o Sr. Lagares, e lémbrolle que estamos debatendo a urxencia da moción, e que teremos que debater se a moción é urxente, votar se a moción é urxente ou non, e en caso de que teña a maioría absoluta procederemos ao seu debate no Pleno.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados. Trátase de declarar ou non de urxencia unha moción presentada polo grupo do Partido Popular, referida a tutelar, digamos aos concellos da provincia a través dos seus convenios, tanto no persoal laboral como en convenios con funcionarios.

En principio parécenos que non é urxente esta moción, que a autonomía municipal merece un respecto totalmente escrupuloso, teño que dicir que no que se basea vostede na exposición de motivos e sen entrar a debater, por suposto, a moción, teño que dicirlle que no segundo parágrafo, onde fala que hai queixas de distintos concellos de falta de asistencia, non consta ningunha no Servizo de Asistencia a Municipios, nin por escrito, nin por chamadas telefónicas, non consta ningún.

Entendemos que hai organismos que igual si deberían tratar este tema, e igual xa o discutiron e non o consideraron idóneo, refírome á Federación Galega de Municipios e Provincias, a FEGAMP, que representa case ao cento por cento dos concellos de Galicia, e optouse por dicir, mire, cada concello é autonómico para decidir cal ten que ser o seu convenio laboral, ou o seu convenio con funcionarios, e ese debe de ser o foro. Vostede mesmo referíase ao País Vasco, eu teño aquí datos concretos das propostas de acordo e a iniciativa non é das agrupacións forais, da Deputación Foral de Araba, de Biscaia ou de Guipúscoa, senón que parte de EUDEL que é a Asociación de Municipios Vascos. E curiosamente aínda que as deputacións forais do País Vasco se adhiren nun principio, logo retíranse da negociación, está constatado perfectamente en documentos que constan na miña man.

No aspecto que vostede tamén fala de que é unha obriga da deputación isto, de ningunha forma a Lei que aparece o 13 de abril de 2007 no BOE 89 do Estatuto Básico do Empregado Público di nada diso, di que se recoñece a lexitimación de negociar as asociacións de municipios, de entidades locais e de ámbito supramunicipal, artigo 34.2.

E xa, por último, Sr. Cobián, eu creo que a deputación non ten que ser a patronal dos concellos, a deputación ten que ser o concello de concellos, marca perfectamente a Lei de bases a asistencia xurídica, técnica e económica aos concellos,

que é o que creo que se está facendo desde esta institución provincial, e polo tanto, consideramos que esta moción non é urxente.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Lagares, aínda que vostede incorreu no mesmo erro que o Sr. Cobián, porque en vez de falar da urxencia, falou do fondo da moción. Ten a palabra a Sra. Pérez Fernández, e como xa fomos xenerosos no tratamento dos tempos cos demais, pode vostede falar da urxencia ou do contido da moción, ao seu gusto.

Sra. Pérez Fernández

Moi bo día, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, antes de entrar sequera no tema da urxencia desta moción concreta, Sr. Presidente, quero manifestar publicamente, tamén en nome do grupo que represento que, de catro Plenos se non lembro mal, que levamos dentro deste mandato, xa van dous nos que temos escoitado comentarios, porque non se lle pode chamar intervencións, senón comentarios, por parte de voceiros ou membros do Partido Popular neste foro, que me parecen totalmente, ou parécennos totalmente improcedentes, e dígoo como muller, pero dígoo sobre todo como persoa, polo seu tinte en moitas ocasións, como a que acabamos de escoitar hai un pouco, machista, pero sobre todo, polo seu tinte de mala educación nun foro coma este.

Ben, e evidentemente, Sr. Presidente, acaba vostede de remarcar que o que deberíamos era tratar a urxencia, o cal, efectivamente, era a miña intención, pero á vista das intervencións previas á desta voceira, evidentemente vou ter que entrar, e agora moito máis porque vostede xa me deu o seu permiso, no fondo da cuestión.

Evidentemente, ao Grupo Provincial do BNG tampouco lle parece urxente esta moción que presenta o Partido Popular, vimos xa noutras sesións plenarias de comentar que pensamos que hai outro procedemento para presentar iniciativas a este Pleno que requiran ou que poidan incluso ser debatidas en Comisións informativas e se poidan traer a este Pleno ou non, dependendo do que se acorde nesas Comisións informativas, co debate, e co acordo ou non, dos tres grupos políticos da Corporación. Polo tanto, por iso, sobre todo, non nos parece urxente, pero é que ademais, esta moción, xa no seu fondo entra en cuestións nas que, evidentemente, nós non compartimos, entre elas entra de pleno nun concepto que o Partido Popular moitísimas veces pon por riba de todo, que é a autonomía local, a autonomía plena dos concellos. Ben, pois parece que agora mesmo de pouco serve esa proclamada autonomía local, proclamada máis que ninguén polo Partido Popular, cando se trata de que a deputación, digamos, sexa a mecenas, por dicilo dalgunha maneira, neste punto concreto, dos concellos.

Segunda cuestión, evidentemente para nós, este ámbito non é o apropiado se procedese chegar a este tipo de acordos. En todo caso, nós somos partidarios de que o

ámbito apropiado para discutir materias como estas sería, evidentemente, o ámbito nacional, é dicir, ben no ámbito da propia FEGAMP, onde efectivamente está representada a inmensa maioría dos concellos da nación galega, ou ben dentro do ámbito da Dirección Xeral da Administración Local que tamén, efectivamente, está dentro da Xunta de Galicia, e polo tanto, do organigrama do goberno galego e, polo tanto, nós pensamos que non é a provincia, nin a deputación, o ámbito adecuado.

Pero aínda máis, e por último xa, Sr. Presidente, aínda máis, nós consideramos que un acordo que servise de base para todos e cada un dos concellos da provincia, como o Partido Popular propón, tería que ser tan de mínimos, que o único que faría ese acordo sería recoller o que xa neste momento recolle a lexislación básica laboral, a lexislación básica ao respecto, e non só tería que ser moi, moi de mínimos, que só recollería o que di a Lei, senón que ademais na inmensa maioría das ocasións seguramente sería papel mollado posto que, baixo ningún concepto, podería ser vinculante. Polo tanto, nós consideramos, volvo insistir, que nin é o ámbito nin, evidentemente, tería na práctica moita incidencia.

E, por último, hai unha cuestión á que tamén quero facer alusión, que se fai referencia a que hai escasa cobertura desde a Deputación provincial ao asesoramento e apoio aos concellos. Ben, en todo caso, como xa dixeron antes, non nos consta ao Grupo Provincial do BNG, pero en todo caso quero facer fincapé, e moi en positivo, que estamos, é dicir, a Deputación provincial, e concretamente a área de Asistencia a Municipios, evidentemente ten as súas portas abertas para incrementar aínda máis a colaboración con todos e cada un dos concellos da provincia, neste caso a colaboración e a asistencia xurídica para calquera tema que fose necesario, e para este tamén.

Sr. Cobián Fernández de la Puente

En primeiro lugar quero desculparme por se ferín a sensibilidade dalgún deputado ou deputada neste plenario. Sras. e Sres. deputados, é evidente que nesta vida, agás unha catástrofe, non hai nada urxente, é dicir, que unha persoa pode considerar que unha cousa é urxente ou non, en función do seu interese, en función da súa prioridade, ou en función dun tema moi importante, en función da orde de valores sociais e morais. E disto último, dos valores sociais e morais, é do que quero falar. A partir do Partido Popular consideramos que regular a vida de once mil e pico, once mil douscentos traballadores, sinceramente, ten unha urxencia razoable, e non aprobar esta urxencia, sinceramente, e con todos os meus respectos, Sras. Deputadas e deputados, é unha inmoralidade e un desprezo social a todos eses traballadores. Onte, Sras. e Sres. Deputados, todas as organizacións sindicais unanimemente, dixeron que esta proposta era unha proposta progresista e dun alto calado nivel social, e permanentemente, curiosamente, a partir dos seus respectivos partidos políticos, se lle acusa ao Partido Popular de inmovilismo e que estamos instalados no pasado. E eu fágome unha pregunta, non será que os únicos conservadores e inmovilistas que hai neste plenario son todos vostedes?, con que cara se van presentar vostedes diante da cidadanía e

perante eses máis de once mil e pico traballadores para dicirlles que non están dispostos a elaborar un convenio colectivo provincial?

Falan vostedes, Sr. Presidente, da non urxencia, e dende o Partido Popular preguntámonos se non é hora que, despois de trinta anos de democracia, e 27 anos despois de poñer en marcha o Estatuto dos traballadores, se elabore un convenio colectivo nesta provincia.

Sinceramente, para terminar, claro que vostedes teñen razón, claro que isto non é urxente, Sr. Presidente, é urxentísimo. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Cobián, dixo algunhas palabras fortes que me gustaría que non quedasen sen resposta, dixo que era unha inmoralidade o non dar resposta. Mire, eu vin isto onte, entrou o 25 de outubro, e hai unha afirmación, son opinións, cada un ten a súa opinión e son todas respectables, pero hai unha afirmación que me preocupou, que di: “Neste sentido, un dos problemas que detectou o Grupo Provincial do Partido Popular é a escasa cobertura que desde aquí se presta ao asesoramento e apoio aos concellos para mellorar e regularizar as condicións laborais dos seus empregados.” Eu falei coa responsable do Servizo de Asistencia a Municipios e díxenlle que, por escrito, me informe se isto é así, e deume un escrito datado con data de hoxe que di: “A petición do Sr. Presidente emítese o seguinte informe: a data de hoxe non se recibiu no Servizo de Asistencia a Municipios petición ningunha para levar a cabo a regulación do convenio colectivo nos concellos da provincia.” Doutra banda, no ano 2006 levouse a cabo unha enquisa aos concellos, tanto para o persoal electo como para o persoal funcionario, onde entre outras cousas se solicitaba que se fixesen as suxestións de necesidades dos concellos, e entre as suxestións presentadas non se fixo chegar ningunha neste sentido, polo tanto, non hai ningún clamor popular entre os once mil funcionarios dos distintos concellos da provincia para regularizar este tema. E non é mala idea, pero non é este o ámbito, dicíao o Sr. Lagares, esta non é a patronal dos concellos, nós non representamos aos concellos, nós colaboramos, apoiamos e auxiliamos aos concellos, pero non os representamos. Hai un órgano que representa a todos os concellos de Galicia, que é a FEGAMP, e é alí onde se pode formular unha negociación colectiva para resolver o problema dun convenio colectivo para os trescentos catorce ou trescentos quince municipios de Galicia, e incluso non sería mala idea que se fixesen uns mínimos para toda Galicia, e non só para a provincia.

Non pensaba intervir neste tema, pero claro, dicir que é unha inmoralidade dicir que isto non é urxente, e dicir que é unha inmoralidade non regular, ou regularizar a situación de once mil funcionarios, cando ningún presentou ningunha demanda a esta deputación para que a deputación trate este tema, eu creo que é, máis que nada, o produto quizais dunha mente ociosa.

Sendo xeneroso, doulle a palabra outra vez, non hai problema.

Sr. Cobián Fernández de la Puente

Sr. Presidente, eu soamente lle dou unha recomendación pequena, se é que lla poden dar, que patee un pouquiño máis a provincia. Máis nada.

Sr. Presidente

Por sorte, ou por desgraza, fágoo case todos os días.

Sométese a votación a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Se absteñen: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Farjas Abadía

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados. Traemos hoxe unha proposta, un rogo, que fai referencia á posibilidade, á proposta de que se doten de partidas orzamentarias necesarias e se axilicen as xestións oportunas para dotar á Sección Infantil e Xuvenil da Biblioteca Municipal sita na cidade da Coruña dos medios e tecnoloxías da comunicación acordes co nivel de coñecementos e de uso actual destas tecnoloxías, así como a proposta de que se adopten medidas e se presuposten no exercicio orzamentario de 2008 dos plans necesarios para manter todos os centros, as aulas informáticas, 93 e 76, que en dúas convocatorias, do 2001 e 2003, se crearon nos distintos concellos da nosa provincia. Sabemos que en moitos deles o tempo pasado e a velocidade de renovación das novas tecnoloxías están a facer obsoletas as devanditas instalacións, son aulas informáticas de alto uso, de alta demanda, e cremos que é unha iniciativa que redundaría na mellora do servizo aos usuarios.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.